

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 31 DE XULLO DE 2008. Nº 8/2008.

Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

CONCELLEIROS:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODANO. (PP)  
D<sup>a</sup>.MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN. (PP)  
D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. (PP)  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>. FE CORTIZO MATO (PP)  
D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ (PP)  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ (PP)  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP)  
D. NICOLÁS VARELA GARCÍA (PP)  
D. JOSÉ MANUEL BREA BLANCO (PP)  
D. M<sup>a</sup> PAZ PÉREZ ASOREY (PP)  
D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ GONZÁLEZ (PP)  
D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER (PSdG- PSOE)  
D. MANUEL MIGUÉLEZ MONTOTO (PSdG-PSOE)  
D.FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN (PSdG-PSOE)  
D<sup>a</sup>.BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS (PSdG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. MARTA LÁZARA FONTAO (PSdeG-PSOE)  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA (BNG)  
D<sup>a</sup>.SUSANA RODRÍGUEZ CAMBÓN (BNG)  
D<sup>a</sup>. GUADALUPE NÓVOA CARBALLUDE (BNG)

Secretario Xeral: D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora: D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

Ausente:

D<sup>a</sup>. NURIA RODRÍGUEZ CARRAL (PP)

## ÍNDICE

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos de Alcaldía: dacións de conta.....	páx. 4
3.- Expediente de suplemento de crédito núm. 6P/2008.....	páx. 6
4.- Expediente de crédito extraordinario núm. 7P/2008.....	páx. 7
5.- Expediente de declaración de indisponibilidade de crédito.....	páx. 9
6.- Expediente de suplemento de crédito núm. 8P/2008.....	páx. 10
9.1.- Moción do PSdG-PSOE solicitando a comparecencia da Presidencia para explicar a situación das obras de construción do novo Concello.....	páx. 12
7.- Aprobación definitiva da conta xeral de 2007.....	páx. 15
8.- Mocións do PP.....	páx. 17
8.1.- Moción do PP relativa a cobertura real da banda ampla en Lalín.....	páx. 17
8.2.- Moción do PP para reiterarlle ao Ministerio de Fomento que acometa diversas actuacións pendentes no Concello de Lalín.....	páx. 19
8.3.- Moción do PP para cambiar o suplente do Concello de Lalín na Mancomunidade de Terras de Deza.....	páx. 23
8.4.- Moción do PP relativa á comparecencia en Pleno do Concelleiro de Actividade e produción agraria.....	páx. 24
9.3.- Moción do PSdG-PSOE relativa á comparecencia en Pleno do Concelleiro de Actividade e Produción Agraria.....	páx. 25
8.5.- Moción do PP en relación coa implantación dun núcleo de sostibilidade.....	páx. 26
8.6.- Moción do PP en relación coa Rede Galega de Concellos pola sustentabilidade.....	páx. 28
8.7.- Moción do PP sobre a participación do Concello de Lalín no GDR-22.....	páx. 29
9.- Mocións do PSdG-PSOE.....	páx. 30
9.1.- Moción do PSdG-PSOE en relación coa ampliación da xornada laboral.....	páx. 30
10.- Mocións do BNG.....	páx. 32
10.1.- Moción do BNG sobre a directiva do tempo de traballo na UE.....	páx. 32
10.2.- Moción do BNG para a redución da presión impositiva.....	páx. 34
10.3.- Moción do BNG sobre a prestación gratuíta do EIA.....	páx. 36
11.- Rogos e preguntas.....	páx. 37

Ás dez horas do día 31 de xullo de 2008, xoves, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose a súa disposición e cumpríronse todas as determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Presidente titular *D. Xosé Crespo Iglesias* e como Secretario Xeral *D. César López Arribas*. Actúa de Interventora *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

*D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral* non asistiu á sesión por razóns persoais.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola Presidencia da acta da sesión ordinaria de 26 de xuño de 2008. De seguido o Sr. Presidente preguntou aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

***D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao*** pediu que nas páxinas 2, punto 8.1. do índice e páxina 22, no título da súa moción se cambiara o título da moción, de redución do horario lectivo polo que constaba na moción que era solicitando á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a participación no programa de apertura dos centro educativos públicos fora do horario lectivo .

***D. Manuel María González Aller*** tamén pediu que na comparecencia do Sr. Alcalde, punto da orde do día 8.3. sobre a obra do parking, solicitada polo seu grupo socialista, no apartado de técnicos que se modificase a redacción da resposta, porque non respondía con precisión á pregunta a contestación efectuada polo Sr. Alcalde.

Contestou o ***Sr. Secretario*** afirmando que efectivamente constaba o que dicía o antedito edil, pero que o Sr. Alcalde si dixo o que constaba na acta. De todos os xeitos aceptou modificar a contestación para que constara claramente a resposta. Quedaría así:

7.-“O feito de continuar cos procedementos xudiciais é unha cuestión dos técnicos, e non unha decisión política”.  
O resto seguiría igual que consta no borrador que foi o que se dixo no dito punto da comparecencia .

Finalmente ***D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Cambón*** indicou que na súa intervención no punto da orde do día había unha frase que segundo ela non pronunciou a de “finalmente parecía lóxico que o Sergas dea un prazo como di o Alcalde para falar e pedir os dato dos terreos, porque hai responsables sanitarios e temos un Presidente na Xunta de Galicia”.

**O Sr. Secretario** indicou que coidaba que non era así, porque indicou que para o que se pedía na moción era lóxico e había uns responsables de sanidade e un Presidente da Xunta de Galicia que debían xestionar e responder deste tema. Polo tanto non aceptou introducir ditos cambios.

Tras reiterar **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** que non dixo dita frase e o Sr. Secretario manterse na súa posición, pediulle que constara na acta que ela non manifestou esa frase, o que foi aceptado polo antedito funcionario.

Con estas correccións indicadas, pasouse a votación ordinaria, a man alzada, e por **UNANIMIDADE** dos asistentes quedou aprobada a acta correspondente á sesión ordinaria do día 26 de xuño de 2008.

## **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía desde a última relación comunicada a este órgano:

1.- Decreto da Alcaldía de 23 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Antonio Bernárdez Nogueira por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **33,65 €**

2.- Decreto da Alcaldía de 24 de xuño de 2008, polo que se aproba a factura a nome de Manuel Barros Gallego en concepto de honorarios despacho documento, por importe de **8,36 €**

3.- Resolución da Presidencia de 24 de xuño de 2008, pola que se recoñece a obriga ó Ministerio de Administracións Públicas en concepto de taxa por expedición de permiso de traballo de cidadáns estranxeiros, por importe de **74,56 €**

4.- Decreto da Alcaldía de 26 de xuño de 2008, polo que se recoñece a obriga derivada dos gastos de administración do Anticipo concedido polo Caixa de Anticipos de Cooperación Provincial ó Concello de Lalín, por importe de **7.253,42 €**

5.- Decreto da Alcaldía de 30 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Jorge García Fernández por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **18,70 €** e **66,50 €**, respectivamente.

6.- Decreto da Alcaldía de 30 de xuño de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Manuel Gómez Estévez por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **26,67 €** e **22,80 €**, respectivamente.

7.- Decreto da Alcaldía de 1 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. José Antonio González González por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **26,67 €** e **28,50 €**, respectivamente.

8.- Decreto da Alcaldía de 1 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Nicolás Varela García por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **53,34 €**, **53,34 €** e **41,80 €**, **76,00 €**, respectivamente.

9.- Decreto da Alcaldía de 1 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Jesús Dablanca

Pallares por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **37,40 €** e **149,34 €** respectivamente.

10.- Decreto da Alcaldía de 2 de xullo de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 20-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **23.000 €**

11.- Decreto da Alcaldía de 2 de xullo de 2008, polo que se aproba a factura nº 73710800064913 a nome de **DE LAGE LANDEN INT.** en concepto de renting fotocopiadoras das oficinas xerais do mes de xullo, por importe de **648,09 €**

12.- Decreto da Alcaldía de 4 de xullo de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 21-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **6.234,20 €**

13.- Decreto da Alcaldía de 7 de xullo de 2008, polo que se aproba a factura nº D216665 a nome da XUNTA DE GALICIA DOG en concepto de anuncio no DOG da cesión parcelas xunta por importe de **477,45 €**

14.- Decreto da Alcaldía de 7 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Camilo González Bodaño por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **26,67 €** e **30,40 €** respectivamente.

15.- Decreto da Alcaldía de 7 de xullo de 2008, polo que se aproban as liquidacións da **taxa por ocupación de terreos de uso público municipal** con mercadorías, materiais de construción, refugallos, valados, puntais, ansillas, andamios e outras instalacións, correspondentes ao mes de xuño de 2008, por importe de **2.610,88 €**

16.- Decreto da Alcaldía de 7 de xullo de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 22-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **70.000 €**

17.- Decreto da Alcaldía de 8 de xullo de 2008, polo que se acorda a transferencia de **40.000,00 €** ao Organismo Autónomo de carácter administrativo “Padroado Cultural de Lalín”.

18.- Decreto da Alcaldía de 9 de xullo de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 23-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **12.000 €**

19.- Decreto da Alcaldía de 9 de xullo de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 24-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **35.300 €**

20.- Decreto da Alcaldía de 9 de xullo de 2008, polo que se recoñece a obriga de **184,25 €** a AUTOPISTA CENTRAL GALLEGA, C.E.S.A. (ACEGA) e **2,75 €** a AUTOPISTAL DEL ATLÁNTICO (AUDASA) correspondente ao recibo do OBE polo telepeaxe do período de xuño de 2008.

21.- Decreto da Alcaldía de 11 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de indemnización a percibir pola colaboradora externa D<sup>a</sup>. Elena Urrestarazu Ucin (maio) por gastos de manutención e locomoción na realización de tarefas de colaboración por importe de **44,89 €**

22.- Decreto da Alcaldía de 11 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Rosa Carrero Vicente por gastos de locomoción, por importe de **34,96 €**

23.- Decreto da Alcaldía de 11 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. María Pérez Seoane por gastos de locomoción, por importe de **247,00 €**

24.- Decreto da Alcaldía do 11 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Román Pérez García por gastos de locomoción na realización de comisións de servizo, por importe **34, 20 €**

25.- Decreto da Alcaldía de 11 de xullo de 2008, en virtude do cal se aproba o expediente de modificación de créditos número 25-G/2008, modalidade “xeración de crédito”, cun importe total de **30.000 €**

26.- Decreto da Alcaldía de 14 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral por gastos de manutención e locomoción, por importe de **53,34 € e 45,60 €** respectivamente.

27.- Decreto da Alcaldía de 14 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey por gastos de locomoción, por importe de **207,45 €, 131,49 € e 61,57 €**

28.- Decreto da Alcaldía de 22 de xullo de 2008, polo que se aproba a factura nº 0030425428 a nome de REPSOL BUTANO, S.A. en concepto de cuota aluguer e mantemento por importe de **97,30 €**

29.- Decreto da Alcaldía de 25 de xullo de 2008, polo que se aproba o gasto en concepto de axudas de custo e indemnizacións a percibir por D. Camilo González Bodaño por gastos de manutención e locomoción na realización de comisións de servizo, por importe de **26,67€ e 13,30€**, respectivamente.

*O Concello Pleno quedou enterado.*

### **3.- EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 6-P/2008.**

A Presidencia deu conta deste expediente que conta co ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 28 de xullo de 2008, que leu o Sr. Secretario.

En defensa desta iniciativa o edil delegado de facenda **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que o destino deste expediente era buscar financiamento á obra de humanización da rúa Rosalía de Castro, no que unha parte era a cargo do Concello e outra a cargo da Xunta de Galicia, a cargo de dúas partes polo tanto.

De acordo coa proposta amosáronse os voceiros dos grupos da oposición. Non obstante **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** pediu a maiores e, se fora posible, que dita obra se executara este ano. Tamén **D. Manuel María González Aller** indicou que non había nada que dicir, estaban a prol da dita obra.

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias**, como máximo mandatario, adiantou que coidaba que as obras poderían comezar despois das festas patronais de setembro deste ano, e para elo claro está, deberíanse adxudicar antes das mesmas. Rematou agradecendo á Consellería de Innovación e Industria a súa achega e a súa aposta por esta obra de humanización da rúa Rosalía de Castro.

En votación ordinaria a man alzada a proposta, aprobouse por **UNANIMIDADE** dos asistentes que comprende os votos de dezanove concelleiros, dos que once (11) foron do PP, catro (4) do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

Xa que logo, **aprobose a proposta**, en base aos seguintes antecedentes.

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito 6-P/2008 a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realiza-los gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingúa dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito suficiente para facer fronte a aportación municipal para levar a cabo a Humanización do Tramo B da rúa Rosalía de Castro.

**Por elo, o Pleno da Corporación acordou:**

Primeiro.- Aproba-la modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle:

1.- Partida do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
511.611.52	HUMANIZACIÓN TRAMO B R/ROSALÍA DE CASTRO	30.000 €
	TOTAL ALTA	30.000 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2007, reflectido contablemente no concepto 870.01 (Remanente de Tesourería: aplicación para financiar suplementos de crédito) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó publico polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamación.

#### **4.- EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 7-P/2008.**

A Presidencia deu conta deste expediente que ten o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 28 de xullo de 2008, que leu o Sr. Secretario.

Desde o grupo de goberno o edil delgado **D. Manuel Gómez Estévez** explicou o sentido da proposta e leu a proposta.

Interveu despois **D. Román Rodríguez González**, edil delegado nesta materia. Indicou que había unha empresa que tramitaba estes expedientes e subvencións, con eventos fotografías e páxina web. Coidaba que esta proposta era positiva ó igual que se viña a facer noutros Concellos dun xeito habitual.

A pesar de que apoiaría a moción, o BNG por medio do seu voceiro **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** amosou a súa preocupación porque a xente do medio rural non tiña aínda internet, e por iso mesmo coidaba que esta iniciativa non chegaría moi lonxe e non tiña moito sentido.

Finalmente o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** adiantou que o portal existente na universidade unicamente recollía a información e logo a tramitaba e a enviaba para poder traballar coa mesma.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, aprobouse a proposta por **UNANIMIDADE** dos asistentes que comprende os votos de dezanove concelleiros, dos que once (11) foron do PP, cinco (5) do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

Xa que logo **aprobose a proposta por maioría dos asistentes** en base aos seguintes antecedentes.

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 7-P/2008 a financiar mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realiza-los gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingúa dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar crédito pola cantidade precisa para facer fronte a firma do convenio de colaboración para a elaboración dun sistema de xestión de información para a comercialización de produtos agrarios de orixe familiar, así como a dirección e mantemento do portal dixital [www.GRANXAFAMILIAR.com](http://www.GRANXAFAMILIAR.com).

#### **Por elo, o Pleno da Corporación acordou:**

**Primeiro.-** Aproba-la modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario, financiado mediante a baixa de crédito doutra partida non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo, de acordo co seguinte detalle :

1.- Partida do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
711.489.10	Agricultura, Ganadería y Pesca. Universidad de Santiago de Compostela	6.000€
TOTAL ALTA		6.000 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

A baixa de crédito da seguinte partida do Orzamento vixente non comprometida, cunha dotación que se estima reducible sen perturbación do respectivo servizo:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
711.22706	Agricultura, Ganadería y Pesca Estudios y trabajos técnicos	6000€
TOTAL BAIXA		6000€

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamación.

## **5.- EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INDISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITO.-**

A Presidencia deu conta deste expediente que ten o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 28 de xullo de 2008.

Na rolda de voceiros, o Sr. Presidente indicou que a Sr<sup>a</sup>. Interventora explicaría este punto, porque entendía que era un tema técnico e debía facerse así.

A funcionaria en cuestión, **D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo** brevemente indicou que era un procedemento válido a de utilizar este método, cando se vexa a non dispoñibilidade, sen prexuízo de que eses fondos cando os haxa, poidan ser empregados de novo.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller**, tras clarexar estes conceptos cos responsables, municipais, explicou que non votaría a favor. Preguntou: ¿Contouse para esta obra cuns cartos que realmente non hai?

Respondeu **D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo**, precisando que si se contou, pero que non implicaba que non os houbera non futuro, era agora cando non se podía dispoñer deles.

Sometida a votación ordinaria, a man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

1<sup>a</sup> Votación

Votos a favor: dez (10) que foron do PP.

Votos en contra: tres (3) do BNG.

Abstencións: seis (6), cinco dos concelleiros do PSdG-PSOE e unha de D. Román Rodríguez González por non estar presente no momento da votación.

Non obstante o Sr. Presidente mandou repetir a votación, tras dialogar co Sr. Secretario, e obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) que foron do PP.

Votos en contra: tres (3) do BNG.

Abstencións: cinco (5), cinco dos concelleiros do PSdG-PSOE.

En consecuencia, **APROBOUSE** a proposta, en base aos seguintes antecedentes:

A construción da nova Casa Consistorial ven financiada, en parte pola venda de parcelas do Patrimonio Municipal do Solo. Pois ben, na situación actual de crise, produciuse unha baixada na demanda de terreos.

Ante a falta de venda de parte das parcelas previstas para financiar parte do importe, para este exercicio, da construción da nova casa consistorial, **o Pleno da corporación acordou:**

“Declarar a non dispoñibilidade por importe de 478.866, 53 € do crédito orzamentario previsto na partida 432.627.01 do orzamento do Concello de Lalín 2008”.

## **6.- EXPEDIENTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 8-P/2008.**

A Presidencia deu conta deste expediente que ten o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 28 de xullo de 2008.

Brevemente, **D. Manuel Gómez Estévez**, edil delgado de facenda, explicou o sentido deste expediente, unha vez debatido o punto anterior.

Na rolda de intervencións, **D. Manuel María González Aller** polo grupo socialista indicou que a urxencia deste tema viña dada pola necesidade de abonar unha certificación de obras deste ano para a que non había cartos. Deu cifras sobre isto. Así, sinalou que este ano o importe a certificar ascendía a preto de dous millóns douscentos mil euros e faltaban eses catrocentos setenta e oito mil e pico euros. Destacou que por enriba de todo había que salientar a mala xestión do grupo de goberno neste tema e un desfase nas vendas das parcelas previstas para este ano. Non se opoñerían ao gasto para este fin, pero si tiñan que destacar que con esta obra e os cartos que custaba había unha renuncia e se eliminaba a posibilidade de acometer outras inversións moi necesarias para Lalín noutros eidos. Afirmou que dun tempo ata agora vemos como se asinan convenios con distintas administracións,

motivados pola falta de cartos, e que persiguen conseguir como ata agora que se financien as iniciativas municipais no cento por cento de financiamento.

Desde o BNG, **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** indicou que este expediente non existiría se non se aprobase o expediente anterior, porque non tería razón de ser sen a declaración de indispoñibilidade aprobada antes.

O seu voto sería en contra por unha cuestión de concepto, non das formas. Porque o grupo de goberno apostou unilateralmente por este investimento e por elo, por tratarse dunha decisión unilateral, tiña tamén que cargar coas consecuencias. Esta obra era a proba dunha política baseada na monetarización dos aproveitamentos urbanísticos que lle correspondían ao Concello nas actuacións urbanísticas executadas, das vendas das parcelas, para facer fronte ao financiamento da obra. “Non é este un expediente de crédito, e había que tirar do que hai”, afirmou.

Anticipou que habería no futuro un endebedamento por falta de cartos. Hoxe non se di o que se dicía antes sobre esta obra: que era “unha maravilla lalinense”, froito da magnífica xestión do equipo de goberno. O discurso é diferente.

Doutra banda amosaba esta obra que non coinciden as prioridades do seu grupo coas prioridades do goberno municipal. Anticipou que no futuro habería un endebedamento importante.

Desde o goberno municipal, **D. Xosé Crespo Iglesias** referiuse en principio a unhas verbas pronunciadas por *D. Alfonso Daniel Rodríguez Castelao*, no que viña a dicir aos veciños que: “non vos opoñades a todo, senón que traballade nelo e axudade”; pero aquí e agora a situación era a que era.

O edificio que se construírá para Casa do Concello será un emblema; agora coa situación económica xeral había “un traspés” da situación, pero a obra se fará.

Coa política do goberno central, de regalar dúas bombillas por casa, propia dun “goberno de pandeireta”, “de noite cambiada”, de dar moitas esperanzas na economía do goberno, pode suceder que fundan moitas máis empresas, e pode ir a peor; pero confiaba en que se acabara o Concello.

Aquí sucede que, “*bótanse os coellos ás escopetas*”. “No Concello de Lalín gozamos de boa saúde económica”, asentiu. Lalín é un dos concellos máis saneados dos da súa categoría. As previsións que había, esperaba que se cumpriran. Se non fora así, irían a un crédito no futuro.

Os concellos venden os terreos para financiarse e os concellos socialistas tamén. Isto é normal ata agora, e aquí temos os mesmos problemas que os demais. “O Concello non está en quebra técnica, e non se atopa no estado en que están como eses que citou o Consello de Contas”, sinalou. Lembrou que a presión fiscal de Lalín estaba na media. Deu datos afirmando que en Galicia había un quince por cento dos Concellos que rendían as súas contas en forma e prazo; outro oitenta por cento que non o facía, quitando as grandes cidades. A situación de Lalín é normal e legal e estaba no primeiro grupo, dentro dos Concellos que aprobaban os seus orzamentos en prazo e rendían as súas contas.

El non era responsable da situación creada pola empresa Proinsa e tampouco da situación económica anormal do país.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller**, indicou que “a clase de política económica particular impartida polo *Sr. Crespo Iglesias* nos deu non era exactamente así”; estaba ben, pero a situación económica non era exactamente como a describiu. Pronto veremos coa comparecencia o que pasou co experimento do edificio do Concello e co urbanismo desenrolado, porque se vía que xa non había os cartos que facían falta para continuar algunhas obras, e que co remanente de tesourería e cos cartos obrantes no Concello podíanse acometer antes que esa obra moitos outros investimentos e obras necesarias.

Desde o BNG **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que as verbas pronunciadas polo Sr. Alcalde eran de “olé”, xa que ademais de estar ben elaboradas, mesmo “facía sentirnos culpables á oposición”.

Afirmou que unha administración presuma de superávit ou de aforro é a peor herdanza que se pode deixar. O normal é a situación contraria: que haxa endebedamento. Coidaba o seu grupo que as administracións públicas por principio debían endebedarse para poder prestar servizos aos cidadáns. *¿Por qué non endebedarse?.* Lalín era unha administración máis.

Fixo varias preguntas dirixidas ao grupo de goberno:

*¿Cantos gastos se evitaron ir a outros fins, indo así destinados a construír a obra do Concello?*

*¿A monetarización levou consigo vender os solares municipais a prezo máis baixo que o seu de mercado pola premura, claro está, de tempo?.*

### **9.1.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DA PRESIDENCIA PARA EXPLICAR A SITUACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO NOVO CONCELLO**

De seguido e traendo a este debate as preguntas sobre a comparecencia do Sr. Alcalde, da moción socialista, houbo as seguintes preguntas de **D. Manuel María González Aller**:

- 1.-¿Canto está pagado ata agora pola obra do Concello?
- 2.-¿Pactouse algún incremento de obra coa empresa adxudicataria, FCC?
- 3.-¿Pactouse algún cambio de calidades nas obras como se fixo antes coa UTE?
- 4.-¿Como ten pensado afrontar os pagos previstos para este ano 2008?
- 5.-¿Como ten pensado facer fronte aos investimentos e anualidades dos anos 2010 e 2011 que superan os dous millóns?

Había que ter en conta que no ano 2009 había moitas axudas da Xunta de Galicia e habería que facer algún pago tamén pola xestión do edificio e servizo do Lalín Arena.

Tamén no ano 2010 coa sentenza do Tribunal Supremo da Praza de Europa, habería que sumar unha partida con destino á indemnización ao concesionario do mesmo, polas prazas de dito parking a suprimir?

6.-A partir de agora farán falta uns sete millóns de euros máis de suplemento, é dicir entre 1.300 a 5,6 ou 7 millóns de endebedamento ata o 2011. ¿Pensa o goberno acudir a un endebedamento para facer fronte a estas contías?

Respostas de **D. Xosé Crespo Iglesias**:

1.- Grazas ao aforro do Concello, e “ao millo que había no hórreo”, do goberno de Aznar, o goberno socialista de **D. José Luís Rodríguez Zapatero** gobernou catro anos. Pero o millo acabase, coma todo, se non se sacha e se sementa a terra de novo.

O endebedamento que sexa necesario facer, será o mínimo; non sabe a canto ascenderá.

Dirixíndose ao PSOE dixo que o manifestado polo seu voceiro era como: “mezclar churras con merinas”. Había moitas críticas, pero, como en todo, sucedía que “ao final, despois de partir dos ovos han de verse as cascas”. Se sucedera todo como dicía a oposición, no ano 2011 teríano facilísimo para quitárselle de en medio da Alcaldía, e

sería unha baza fantástica ó seu favor para as vindeiras eleccións locais de dito ano; pero coidaba que a obra estará feita.

2.- Non sabe o que está pagado ata agora. Poden pedirlo en Intervención e daránselle os datos. Non había problema para elo.

3.- O único que se pactou con FCC é o que se aprobou no Pleno. Antes esta empresa tiña o cincuenta por cento e agora ten o 100% da UTE. Nos seguimos os acordos xa tomados antes e farase o que diga e marque a lei; máis nada.

Había dous camiños para facer fronte a esta situación: ou liquidar a obra e rescindir o contrato, o que levaría a unha nova adxudicación cun ano de retraso; ou facer o mellor para Lalín que era continuar a execución da obra cunha empresa con solvencia técnica e económica suficiente, ou mediante a fórmula xurídica da cesión do contrato. Esta foi a que seguimos aquí.

4.- Había unha certificación de obras deste ano que aínda non estaba pagada.

5.- Con todo esperamos que no ano 2008 non teñamos problemas e poidamos vender as parcelas. Non pode aportar máis datos.

6.- “Igual o de antes: canto mellor permitan as nosas posibilidades”, indicou. Non sabe se haberá ou non haberá que recorrer ao crédito. En todo caso, de ser necesario, farase todo dentro da normativa legal establecida. Será un acto democrático máis. Lalín está dentro dos Concellos de máis de 20.000 habitantes, quitando as sete cidades galegas con menor nivel de endebedamento. En 2011 botarase man do que haxa na casa. Este Concello no peor dos escenarios posibles ten un plan B, porque conta cun goberno municipal responsable.

Entendía que as críticas da oposición deberían realizarse ao final da obra e non agora; no caso de saír mal a obra, pero non agora. Pagaranse as certificacións de obra e coidaba que era cando estea rematada a obra, cando debía falarse. El como Alcalde era xa experto, porque levaba bastantes anos no cargo, e pode ser máis listo ou máis burro, pero sabe o que ten nas mans, aínda que sexa por experiencia. Lembrou que a Deputación Provincial de Pontevedra non deu aínda nada para esta obra, salvo o Oral que comprou o local. A Xunta de Galicia deu unha subvención, pero esperaba que cando estea rematado o edificio, dea outra axuda para comprar mobles ou para equipamento. En suma, dixo, o edificio rematarase cos medios dispoñibles: *“coas barbas San Antón, e se non coa Purísima Concepción”*.

Esperaba tamén quitarlle algo ás entidades bancarias, porque había un local para esta actividade previsto no dito edificio; o mesmo sucedía co local situado nos baixos do edificio, pensado inicialmente que sería para Correos e se agora se pode vender tras non saír adiante esta idea; por último o Concello contaba tamén con solares do patrimonio municipal do solo.

A situación pois, denotaba que non había esa falla de previsión no goberno actual a que aludía a oposición; o que non podía dicirse do goberno PSOE a nivel do Estado. Podían suceder moitas cousas, que algunhas empresas estean fundidas entón, que a Xunta de Galicia adiante as eleccións ao mes novembro, e que non haxa ningunha aportación máis. Este adianto electoral sería en función dos intereses de partido do PSOE e non do interese xeral do país.

**D. Manuel María González Aller** precisou que o Sr. Alcalde non contestou a dúas cousas

1.- ¿Contempla ou non o goberno municipal os gastos previsibles que haberá que afrontar coa redución de prazas de estacionamento no parking da Praza de Europa cos pagos de xestión do Lalín Arena, e cos pagos do segundo trimestre deste ano en certificacións?.

**D. Xosé Crespo Iglesias** contestou:

A UTE ten unha certificación pendente deste ano, do primeiro semestre, que aínda está sen pagar.

O que se diga é pura especulación. Non se pode afirmar nada do que sucederá. Afirmou que non podía dar datos sobre unha solución. Non podía afirmar se habería endebedamento de 7 ou de 8 millóns de euros, de máis ou de menos. Esperaba sacar diñeiro para esta obra da Xunta de Galicia, da Deputación Provincial e do Patrimonio Municipal do Solo e o resto haberá que ir a un crédito, se non chegaran o resto de achegas.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que:

A monetarización se fixo ao vender os solares municipais. Esta operacións fixéronse cuns prezos por baixo dos prezos que había no mercado; en segundo lugar afirmou que, se o plan A saía mal, o plan B tamén podía saír mal e por elo non era a solución.

A especulación permítana os gobernos e esta non sucede porque sí, sen mais. Sobre o tema de que Lalín estaban por baixo da media en niveis de endebedamento, reiterou que o seu grupo non estaba de acordo con isto, por cuestión de principios. Coidaba que si, que tiñan que estar endebedados os Concellos para prestar servizos aos cidadás. O tema clave estaba en decidir e en determinar que obras, que servizos e que investimentos se acometían con este endebedamento e aquí si que podían existir opinións políticas diferentes de cada grupo político. Dende logo, o seu grupo coidaba que había que facelo e desde logo, non era para especular, senón para prestar servizos ou obras necesarias.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non había nada de gasto realizado a día de hoxe para a Praza de Europa e farían o que caiba dentro da lei e do sistema. Executarían a sentenza que se dite no seu día e faranse tamén tras as negociacións cos donos e concederían o que se poida, o que diga a lei. "Sairá de aquí a solución, deste pleno", dixo.

2.- En canto á monetarización e ás verbas de especulación do grupo nacionalista, negou estes feitos, afirmando que agora o prezo de venda dos solares e inmobles era baixo por mor da crise económica e se vendía nas mesmas condicións que o resto dos solares, ao mellor prezo posible. Había cinco solares municipais en venda sen ofertas, pero esperaba que as houbera pronto e se clarificara o tema. Coidaba que de todas formas, sería mellor vender ao prezo de antes, ou non vender agora e esperar mellores tempos.

Por alusións **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** referiuse ao solar do antigo colexio Manuel Rivero.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que este tema levaba un ano e pico retrasado, porque non pagaban o prezo de venda os compradores. Os lotes estaban en "stand by", logo virían mellores tempos para vender. Non sabe o que pasará.

Se vendían, faríano á mellor oferta posible; pero como non sabe o que pasará no futuro aquí en Lalín, nin na economía en xeral, porque nin o propio ministro *Sr. Solbes* o sabía, el aínda, menos.

Sobre o tema de cando se vai levantar isto, reiterou non sabelo. Foise ao tema do financiamento municipal. Afirmou que estaba pendente aínda un pacto Estado-Concellos, reclamado desde hai anos. Lembrou que as Entidades municipais só gastaban a día de hoxe o 13% do gasto público total, fronte ao gasto do vintetantos por cento que realizaban os municipios en Europa occidental. Por isto mesmo, porque non había un financiamento municipal suficiente, íase a utilizar o patrimonio municipal

do solo. “É que non hai outros ingresos” salientou; e isto era o mesmo que se facía en tódolos concellos.

Seguiu falando sostendo que ao final da lexislatura verase se valeu ou non valeu a pena facer o edificio do Concello. “*Eu son dos que se arriscan*”, dixo. “*Claro que a oposición sempre terá que dicir. Se sae ben, dirán: a obra é faraónica e non é para este Concello; e se a obra vai mal, dirán, iso xa o vía eu*”. Contou unha anécdota de cando el era pequeno sobre este refrán ou máxima.

*Sendo as 10 horas e 54 minutos incorporouse á sesión D. José Antonio González González, quedando con doce edís o PP, cinco o PSdG-PSOE e con tres o BNG.*

A continuación, tivo lugar a votación relativa ao Suplemento de Crédito núm. 8-P/2008, en cuxo debate se intercalou a moción do PSdG-PSOE relativa á comparecencia da Presidencia para explicar a situación das obras de construción do novo concello.

Sometida a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada a proposta, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) do PP.

Votos en contra: oito (8) dos que cinco (5) do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

Abstencións: ningunha.

En consecuencia, **APROBOUSE** a proposta, en base aos seguintes antecedentes:

Incoado o expediente de Suplemento de Crédito número 8-P/2008 a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realiza-los gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingúa dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito suficiente para facer fronte o pago dunha certificación da construción da nova casa consistorial, imputable a este exercicio.

#### **Por elo, o Pleno da corporación acordou:**

**Primeiro.-** Aprobala modificación orzamentaria, consistente nun Suplemento de Crédito, financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle :

1.- Partida do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>PARTIDA</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
432.627.01	PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO	478.866,53
	TOTAL ALTA	478.866,53 €

2.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2007, reflectido contablemente no concepto 870.01 (Remanente de Tesourería: aplicación para financiar suplementos de crédito) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, de xeito concreto a baixa de crédito

doutra partida, consérvase o equilibrio orzamentario, de conformidade co artigo 16.2 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

## **7.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2007.**

A Presidencia deu conta deste expediente que ten o ditame favorable da Comisión Especial de Contas do día 27 de maio e 2008 e sen alegacións ou reclamacións na fase de exposición ao público.

Na rolda de intervencións o representante nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** sinalou que eles como grupo pediron unha copia das contas, ou do resume das mesmas e non se lles deu. Por elo, tendo en conta que esta era unha reivindicación xa vella á que non se lle daba satisfacción, anunciou que os tres membros do grupo se ausentarían durante o debate e votación deste punto da orde do día en protesta e disconformidade con elo. De seguido, os tres membros se ausentaron da sesión e polo tanto do debate.

Desde o bando socialista **D. Manuel María González Aller** tamén indicou que eles pediron unha copia deste expediente e non se lles deu. Votarían en contra, aínda que non abandonarían a sesión neste punto, pero non estaban de acordo coas formas.

Houbo a continuación un debate entre este voceiro e **D. Manuel Gómez Estévez** edil delegado deste eido da facenda municipal.

A indicación do Sr. Presidente **D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo**, Interventora da corporación explicou que, tras o ditame, houbo un período de quince días de exposición ao público e durante eses días e oito días máis puideron presentar alegacións.

**D. Xosé Crespo Iglesias** pediu aos edís da oposición que chamen a outros Concellos e pregunten por este tema. Non tiña sentido que os edís leven as contas para velas na súa casa. E tampouco era lóxico que en vez de estudar o tema, se inventaran ideas para opoñerse ao expediente. Isto non era serio e era actuar de mala fe.

Referiuse como outro exemplo da actuación da oposición, que houbo un erro dun funcionario dun decreto no que se lle puxo como data para examinar a documentación pedida domingo e que isto motivou moito comentario político, ata que se corrixiu.

De novo **D. Manuel María González Aller** dixo que o expediente estivo no salón de actos que había pouca luz e escasas bombillas e que isto denotaba falta de transparencia.

Sobre o Decreto aludido, sinalou que o mesmo sinalaba a data do exame da documentación para o día 24-8-2008 e manifestou que como el mesmo anunciou que o Concello estaría aberto os domingos, por iso o entenderon así e protestaron.

Tamén desde o grupo socialista **D<sup>a</sup>. Marta Lazara Fontao** participou neste debate afirmando que o día anterior ela e uns veciños viñeron e non puideron ver a copia deste expediente das contas nas dependencias municipais.

Rematou este debate **D. Xosé Crespo Iglesias** para reiterar que o grupo da oposición actuaba de mala fe neste tema, e que eran uns desagradecidos “politicamente falando”. Reiterou que fixeron un debate do erro do decreto do domingo, que pasou en Secretaría, que carecía de sentido.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) do PP.

Votos en contra: cinco (5) do PSdG-PSOE.

Abstencións: ningunha.

Os tres (3) do BNG estaban presentes no comezo do debate e por imperativo do ROF debía constar a ausencia; non obstante entendendo que o sentido da ausencia é unha protesta neste punto da orde do día, e que a abstención sería menos grave, non se lles ten por presentes.

Xa que logo **APROBOUSE** a proposta, en base aos seguintes antecedentes:

Transcorrido o prazo de exposición ó público da Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ó exercicio económico de 2007, sen que se presentara reclamación algunha, elévase ó Concello Pleno o expediente completo desta, cos ditames e informes preceptivos, dando cumprimento ó disposto nos artigos 208 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.

**Por elo, o Pleno da corporación acordou:**

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Lalín correspondente ó exercicio económico de 2007, integrada polos estados e contas anuais da entidade Concello de Lalín e as do Padroado Cultural de Lalín.

## **8.- MOCIÓNS DO PP.-**

### **8.1.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á COBERTURA REAL DA BANDA AMPLA NO MUNICIPIO DE LALÍN.**

A Presidencia deu conta desta moción de data 22 de xullo de 2008 con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro. 4431. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Promoción Económica, Desenvolvemento Local e Novas tecnoloxías do día 28 de xullo de 2008.

Na defensa da moción **D. Nicolás Varela García** defendeu a mesma. Sinalou que dentro do plan que o Ministerio de Fomento tiña en curso, o chamado Plan Avanza”, figuraba que Lalín tiña cobertura en banda ampla, ADSL, redes Wifi, etc., nun 90% do seu territorio. Pero a realidade era distinta e “nos dubidamos que isto sexa certo”, afirmou. Había que concretar a información que se daba, porque había trescentos vinte e dous lugares en Lalín e máis dúbidas que outra cousa. Coidaba que a realidade era distinta da que amosaba a páxina web do ministerio. O que se dicía na mesma era unha “coña, unha broma e unha mentira”. Parecíalle que alguén elaborou a mesma, facendo unha quiniela. Puxo varios exemplos de lugares que estaban xuntos, como Moneixas que tiña todas as conexións e noutras colindantes, e tiñan un so. O cadro parecía unha broma; “en Prado non hai satélite, pero en Bendoiro si”, afirmou.

Había moitos máis exemplos que amosaban que non era certo o contido da páxina web e que xeraban confusión. Por isto ía a moción, para clarear esta situación.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo que estaban a favor de pedir esa información, pero coidaba que era a concellería delegada quen debería facer estas xestións e non que sexa o pleno quen as pida. Pero postos así, parecíalle lóxico que logo cando veña a información sobre este tema, tamén se lle dea conta ao Pleno. Respecto a algúns apartados da moción, preguntou: *¿a que técnicos se aludía ? e ¿con que medios se contaba desde o Concello?*

Precisou entón **D. Nicolás Varela García** que cun ordenador portátil e co persoal que había no Concello.

O voceiro socialista solicitou que a modo de emenda se pedira tamén á información aludida na moción á Xunta de Galicia, ao Sr. Presidente.

Desde o grupo nacionalista **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** dixo que vían ben a moción, pero que non lle parecía correcto que se pedira a información que tiña que facilitar o Ministerio de Industria á Xunta de Galicia. Visto o visto, había poucas cosas que facer, e como dicía o Sr. Alcalde “o que e medible non é opinable”, eles non ían cuestionar nada. Si que fixo críticas ao convenio suscrito entre o Ministerio de industria, Comercio e Turismo e a Compañía Telefónica, porque no mesmo había un abandono por parte da operadora do medio rural galego, polo visto porque non lle compensaba economicamente acercar estas redes ao rural.

Sobre os datos da páxina coincidiu en que eran irrealistas, pero precisou que máis que pedir información á administración central, coidaban que o que había que facer, era “esixir” dita información veraz e exacta.

Rematou este debate **D. Xosé Crespo Iglesias** quen afirmou que o que se quería facer era o seguinte: coa información que dera o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, coller un equipo técnico e facer medicións e comprobacións, e logo cos datos que se obteñan, presentar unha denuncia no Xulgado contra ese Ministerio. Sostivo que o problema non era só de Lalín, senón de toda Galicia, porque cando se asinou o convenio non se tivo en conta que había moitos lugares e moita máis diseminación en Galicia que no resto do Estado, o que xa por si era grave; o certo era que hoxe había dúas terceiras partes de Lalín sen cobertura. Sinalou que era mellor pedir información, porque había algunha posibilidade máis de que a deran, pero no caso de esixir, o normal sería que o escrito fora directamente ao saco dos papeis.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor: dezasete dos que doce (12) foron do PP e cinco (5) do PSdG-PSOE.*

*Votos en contra: ningún.*

*Abstencións: tres (3) do BNG.*

En consecuencia, **APROBOUSE A MOCIÓN**, coa emenda socialista de dirixirse tamén ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia en base aos seguintes antecedentes:

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio puxo en marcha no ano 2005 o Programa de Extensión da Banda Ancha en zonas rurais e illadas co obxectivo de conseguir ao finalizar o presente ano 2008 a máxima dispoñibilidade deste servizo nestas zonas nunhas condicións técnicas e económicas semellante ás existentes nas zonas urbanas.

Segundo os datos oficiais publicados na páxina web oficial destes programas (actualizados o pasado 7 de xullo), só tres (A Cruz, Mato e Rivas) dun total de 316 núcleos de poboación nos que dividiu o municipio de Lalín este programa non dispoñen de cobertura de banda ampla a través de ADSL rural, WIMAX ou satélite.

Sen embargo, segundo as comprobacións realizadas polos técnicos municipais, a día de hoxe unha gran maioría dos veciños residentes en zonas rurais aínda non dispoñen deste tipo de servizo, polo que consideramos preciso unha explicación por parte da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información sobre a diferenza entre a información facilitada e a realidade que se vive no noso rural.

Desde o grupo de Goberno de Lalín consideramos que nunha sociedade da comunicación como a que vivimos non deben existir diferenzas entre os cidadáns residentes nas zonas do rural e os que viven nas zonas urbanas, polo que dispor de acceso á banda ampla debe ser un dereito e non un privilexio que diferencie a unhas persoas das outras.

Á falta de pouco máis de cinco meses para a finalización do ano 2008 data límite posta polo propio Ministerio de Industria para dotar de banda ampla ás zonas do rural e illadas, aínda estamos a tempo de que se tomen as medidas oportunas para que os veciños de Lalín que residen nestes lugares dispoñan deste servizo e se cumpra o estipulado ao comezo do programa.

#### **Por elo, o Pleno da corporación acordou:**

**Primeiro:** Solicitar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que informe ao Concello de Lalín da situación real do despregue da banda ampla nas zonas rurais deste municipio.

**Segundo:** Solicitalle ao Presidente da Xunta de Galicia que informe da situación real do despregue da Banda Ancha nas zonas rurais deste municipio.

#### **8.2.- MOCIÓN DO PP REITERANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO QUE ACOMETA DIVERSAS ACTUACIÓNS PENDENTES DE EXECUTAR NO CONCELLO DE LALÍN.-**

*Sendo as 12 horas e 7 minutos marchou D. Xosé Crespo, quedando D. Camilo González Bodaño como Presidente, e o total de asistentes en 11 do PP, 5 do PSdG-PSOE e 3 do BNG.*

A Presidencia deu conta desta moción de data 23 de xullo de 2008, con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 4448. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Obras, Infraestruturas e Servizos Comunitarios do día 28 de xullo de 2008.

Na defensa desta iniciativa, o seu propoñente membro do grupo de goberno, **D. Camilo González Bodaño** leu as distintas partes da moción, unha a unha, que veñen referidas a tramos, obras e peticións vinculadas ás mesmas, ó estado das mesmas e pedindo o que se facía constar na súa parte dispositiva en cada unha delas. Enumerou unha a unha as mesmas, facendo alusións aos antecedentes que sabía delas.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** sentou a posición do seu grupo dixo que vían ben algunhas das peticións, e que mesmo algunhas xa estaban en curso. En concreto referiuse ás obras da N-525 e sostivo que xa estaban comprometidos os carrís para vehículos lentos desde Ponte Ulla ata Lamela. No tema de Bendoiro coidaba que xa estaban comprometidas as beirarrúas, e esperaba que o Concello que deu a súa palabra para meter o saneamento, tamén a cumprira. Preguntou polo estado deste tema ao grupo de goberno.

**D. Antonio Rodríguez e D. Camilo González Bodaño** indicaron que estíbese a facer o proxecto.

Seguiu no uso da palabra o voceiro socialista, **D. Manuel María González Aller** indicando que sobre o tema do chamado “pozo negro”, nome co que se coñece o lugar da antiga estrada N-525 no límite Dozón-Lalín, parecíalle lóxico que o Concello pida a cesión de dito tramo. Preguntou polos cartos que daba o Ministerio de Fomento por quilómetro para a conservación das estradas unha vez cedidas. Finalmente indicou que había que o tramo de estrada que se pedía, había que collela cando estea arranxada este tramo, que sería o máis lóxico.

Precisou **D. Camilo González Bodaño** que este tramo nunca se pediu, e o que si se solicitou foi o tramo “desde a estatua dos cabalos ata antes da conexión coa autoestrada en Catasós. Quería chamar a atención sobre este tema dos responsables deste asunto.

Rematou **D. Manuel María González Aller** afirmando que en canto ao tema da solicitude sobre as casas de Donramiro, coidaba que había que facer unha negociación entre o Concello coa Consellería de Política Territorial. En suma, salientou que había aspectos positivos, outros temas que figuraban na mesma xa estaban en curso, e por elo, porque non era un só tema e o estado de cada un deles, absteríanse.

**D. Camilo González Bodaño** preguntou se sabían en que estado estaba a circunvalación de Cadrón, se estaba licitada a obra.

Desde o BNG **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** indicou que en primeiro lugar había que felicitar ao Sr. Concelleiro propoñente da moción, polo seu contido e redacción, por exemplo dixo que as súas fotos que eran “chuli”. Diante deste debate dixo que non valería para nada se non se concretaba e se falaba dos prazos e dos orzamentos para facer estas obras. Isto pasaba outras veces, e esperaba que se precisaran estes aspectos.

Desde o goberno municipal, **D. Camilo González Bodaño** precisou que en 2007 se falou da cesión dun tramo por parte do Ministerio de Fomento para facer a circunvalación, nas zonas onde variaba; pero non se fixo nada. Sobre o tema das beirarrúas de Bendoiro, salientou que estaban nelo.

Seguiu a voceira nacionalista, **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** preguntando pola obra das Lamas de Meixomín, en concreto polos anos que levaba feita dita obra, para indicar que non era de agora precisamente o estado e a necesidade de acometer a obra que se pedía na moción.

Sobre as Lamas de Cadrón e a circunvalación que se solicitaba, indicou que xa se pediu outras veces e non se conseguiu. De todos os xeitos, estaban a favor da moción.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

Votos a favor: trece dos que dez (10) foron do PP e tres (3) do BNG.

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5) do PSdG-PSOE e unha (1) de D. Manuel Gómez Estévez por non estar presente no momento da votación.

*En consecuencia, **APROBOUSE A MOCIÓN**, en base aos seguintes antecedentes:*

O Concello de Lalín ten solicitado en reiteradas ocasións, a través de xuntanzas mantidas cos responsables de Demarcación de Estradas do Estado e mediante diversas comunicacións enviadas a este organismo, que acometa a realización de diversas infraestruturas viarias no Concello de Lalín, que están pendentes de seren executadas nalgúns casos desde hai varios anos atrás e, noutros, desde hai meses.

Debido a que ata o momento se obtivo a calada como resposta ás numerosas e continuadas demandas feitas por parte deste grupo de goberno, consideramos que é obriga municipal reiterar estas peticións ao Ministerio de Fomento para que as realice coa máxima urxencia, en beneficio dos intereses xerais dos veciños de Lalín, que se están a ver privados dunhas melloras das que deberían xa ter disfrutado desde hai tempo.

Concretamente, trátase das seguintes actuacións:

#### **I.- Na N-525:**

#### **CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN BENDOIRO**

- Anunciadas en múltiples ocasións polo grupo de goberno socialista, pero seguen a ser unha realidade intanxible. Continúan a estar sen facer. Nin tan sequera hai data de inicio de comezo dos traballos.

#### **ARRANXO DAS DEFICIENCIAS EXISTENTES ENTRE OS P.Q. 283 E 285 (ANTIGO TRAZADO DA VÍA) NA ZONA DO POZO NEGRO.**

- A área de descanso atópase con gran cantidade de maleza, non podendo acceder á mesma nin utilizala por estar impracticable.
- O tramo da antiga estrada presenta deficiencias no pavimento, con buracos de considerables dimensións provocados pola falta de mantemento deste vial.

- Tamén presenta abundante maleza nos laterais, reducindo considerablemente os carrís de circulación.
- Ausencia total de sistemas de protección lateral.

CONSTRUCCIÓN DA CIRCUNVALACIÓN EXTERIOR QUE CONECTE ESTA ESTRADA NACIONAL DESDE A ROTONDA DE ACCESO Á AP-53 AO LADO DO PARQUE EMPRESARIAL LALÍN 2000, ATRAVESANDO AS ESTRADAS AP-1008, N-640, C-533, ATA CATASÓS

CONSTRUCCIÓN DE CARRÍS LENTOS ATA A PONTE ULLA

- Anunciados moitas veces, continúan a estar sen facer.

PLAQUETA ALTO DA PENA E A BORRALLA

BEIRARRÚAS NO TREITO: “AS QUEIMADAS-POLÍGONO INDUSTRIAL 2000 NA MARXE ESQUERDA EN DIRECCIÓN A SANTIAGO”.

## **II.- Na N-640:**

INTERSECCIÓN EN LAMAS DE MEIXOMÍN.

- Trataríase de construír un cruce para poder cruzar cara este lugar, posto que o actual xiro se fai nunhas condicións elevadas de perigosidade, preto dunha curva moi pronunciada.

CONSTRUCCIÓN DUNHA CIRCUNVALACIÓN NESTA ESTRADA AO SEU PASO POLO NÚCLEO DE CADRÓN.

ACABAR A COLOCACIÓN DE PLAQUETA NAS BEIRARRÚAS DE GOIÁS.

DIVERSAS ACTUACIÓNS PARA INCREMENTAR O NIVEL DE SEGURIDADE NA RÚA AREAL E MELLORAR A SEGURIDADE VIAL DOS TRANSEÚNTES.

- Pintado pasos de peóns entre rúa areal e a rotonda de Eroski.
- Construción de pasos elevados de peóns.

## **III.- AP-53:**

**REBAIXA DE PEAXES, TREITO SANTIAGO-DOZÓN:**

- Peaxe abusiva: 0,12 euros por Qm. Desde 2004 o custo da peaxe medrou un 1,43€ suba do 41,21%, ao pasar de 3,47 a 4,90 euros.
- Agravio comparativo co treito Dozón-Ourense, gratuíto.
- Contrapón esta situación coa liberalización de peaxes que se dá noutras autoestradas catalanas (acordo Consello de Ministros do venres pasado, día 30 de maio. Beneficiarios os usuarios de vehículos lixeiros dos treitos: túnel do Cadí, Acceso do Mollet del Vallés (C-33, saída 1); Barrera de Les Fonts (C-16 e Barrera do Acceso de Alella).
- O Concello de Lalín non sabe nada aínda dun estudo anunciado pola conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transporte para reducir custos na AP-53, durante a visita da Srª.

Consellería D<sup>a</sup>. María Xosé Caride a Lalín con motivo da primeira pedra da rolda leste.

#### **IV.- CESIÓN EFECTIVA DO TREITO URBANO DA N-525 OU NO SEU CASO REPARACIÓN INMEDIATA DA AVENIDA DE BOS AIRES:**

- O Concello de Lalín pediu en febreiro a urxente cesión efectiva do treito da N-525 entre o Cruce dos Cabalos e o enlace coa autoestrada Santiago-Ourense, no lugar de Cabreira, como se comprometera desde hai case dous anos, ou no seu lugar, que procedesen ao arranxo da avenida dos Bos Aires para evitar o seu progresivo deterioro e o conseguinte malestar entre os veciños.
- Moción aprobada polo Pleno do Concello en decembro de 2004. Reiteradas solicitudes feitas ao delegado do Goberno, o Ministerio de Fomento, a través do enxeñeiro xefe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.
- A Demarcación de Estradas comunicara o 23 de marzo de 2006 que a previsión da Dirección Xeral de Estradas para formalizar a cesión deste treito é a de realizala durante o ano 2007.
- A día de hoxe non volvemos ter coñecemento algún sobre a cesión do treito da N-525 comprendido entre os puntos quilométricos 285,750 e 290,850, a pesar de que no pasado mes de novembro o Concello de Lalín remitiu unha comunicación á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia recordando este compromiso e reiterando a necesidade de executar esta cesión o antes posible. Como o Ministerio de Fomento fixo caso omiso a estas accións, trátase agora de facer esta demanda a través dun acordo municipal.

#### **V.- PETICIÓN DE TRASPASO Á CONSELLERÍA DE VIVENDA DAS CASAS DOS PEÑONS CAMINEIROS PARA CONSTRUIR VIVENDAS DE PROTECCIÓN**

- En setembro de 2007 o Concello de Lalín iniciou a elaboración dun estudo para valorar o aproveitamento urbanístico da parcela ubicada en Donramiro na que se atopan as vivendas dos Camineiros co obxectivo de reiterar ao Ministerio de Fomento o seu traspaso á Consellería de Vivenda e do Solo e que rehabilite os inmobles existentes e constrúa novas vivendas, todas catalogadas de protección oficial.
- En novembro de 2007 remitiuse unha proposta ao Ministerio de Fomento e á Consellería de Vivenda e do Solo para crear ata 51 vivendas de protección nesta parcela ubicada en Donramiro, sen que ata o día de hoxe se tivera resposta algunha.

#### **Xa que logo, o Pleno acordou:**

*Pedirlle ao Ministerio de Fomento que execute de forma inminente diversas actuacións (relativas a infraestruturas viarias e de vivenda) no Concello de Lalín, cuxa execución se retrotrae, nalgúns casos, a varios anos atrás e cuxa execución se pediu en numerosas e reiteradas ocasións.*

*Incorporouse neste intre D. Manuel Gómez Estévez.*

#### **8.3.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á MOCIÓN DA ALCALDÍA PARA CAMBIAR O SUPLENTE EN REPRESENTACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN NA XUNTA DE GOBERNO DA MANCOMUNIDADE DE TERRAS DE DEZA.**

A Presidencia deu conta desta moción de data 23 de xullo de 2008, con entrada municipal do mesmo día e nº de rexistro 4442. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais e Seguridade Cidadá do día 28 de xullo de 2008.

Adiantou o voto afirmativo **D. Manuel María González Aller** engadindo que coidaba que agora o PP e o seu voceiro, *D. Román Rodríguez González*, tiveran máis tempo para atender a súa concellería de urbanismo e medio ambiente que a tiña abandonada.

Sometida a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, aprobouse a moción por **UNANIMIDADE**, sendo os presentes: once (11) do PP, cinco (5) do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

En consecuencia, **APROBOUSE A MOCIÓN**, en base aos seguintes antecedentes:

O Pleno Municipal deste Concello celebrado o 2 de xullo de 2007 aprobou, a instancias do Alcalde-Presidente de Lalín, designar aos representantes do Concello na Mancomunidade de Terras de Deza, tanto no Pleno como na Xunta de Goberno.

Acolléndose ao artigo 12 dos estatutos da citada Mancomunidade, o Concello de Lalín está representado na Xunta de Goberno desta entidade polo Alcalde, José Crespo Iglesias, e figura como suplente o concelleiro de Urbanismo, Vivenda, Medio Ambiente e Desenvolvemento Local, Román Rodríguez González.

Sen embargo, faise necesario neste momento cambiar a citada persoa que figura como suplente na Xunta de Goberno, situando no seu lugar ao concelleiro de Obras e Servizos Municipais, Camilo González Bodaño.

**Por elo, o Pleno da corporación acordou:**

Solicitar á Mancomunidade de Terras de Deza que leve a cabo o cambio da persoa que figura como suplente do Alcalde de Lalín na Xunta de Goberno desta entidade, D. Román Rodríguez González, e no seu lugar se nomee ao concelleiro de Obras e Servizos Municipais, D. Camilo González Bodaño.

**8.4.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á SOLICITUDE DE COMPARECENCIA NO PLENO DO CONCELLEIRO DE ACTIVIDADE E PRODUCCIÓN AGRARIA PARA DAR CONTA DO PROGRAMA DE SUBSTITUCIÓN AGRARIA DO CONCELLO DE LALÍN.-**

A Presidencia deu conta desta moción de data 15 de xullo de 2008, con entrada municipal o día seguinte e nº de rexistro 4312. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa do Rural, e Actividade Agraria do día 28 de xullo de 2008.

*Sendo as 12 horas e 35 minutos marchou José Antonio González González sendo o total dos asistentes 10 do PP, 5 do PSdG-PSOE, e 3 do BNG.*

Na rolda de voceiros **D. Manuel Fernández López**, proponente desta solicitude e membro do grupo de goberno, explicou a mesma.

Dixo que no programa político do PP ía a prestación deste servizo que agora non existía agora. Había un acordo conseguido nunha reunión entre o Concello e as cooperativas agrarias. Non obstante mencionou que houbo unha nota de prensa dada por *D. Manuel Miguélez Montoto* na que acusou ao goberno municipal de enganar aos gandeiros con este tema. A verdade era que non era así e por iso comparecía agora para dar todas as explicacións necesarias.

Reiterou que o pasado día 2-7-2008 alcanzouse ese acordo nunha reunión celebrada coas cooperativas.

Con este servizo tratábase de que os gandeiros que non tiñan con quen deixar as súas vacas, e que de sempre eran remisos a deixalas con outras persoas, teñan a posibilidade de seren substituídos cando xurdan determinadas circunstancias. Había un problema e se pretendía agora solucionalo contratando varias persoas: unha que había xa en Cobideza e o resto ata un total de tres traballadores. Eles non enganaron a ninguén, senón que querían poñer en marcha este servizo.

Explicou o contido desta nova prestación: os gandeiros pagarían trinta e tres euros ao día polo servizo e o Concello vintedous; a prestación realizaríase pola empresa adxudataria que contrataría aos traballadores e enviaría aos mesmos aos gandeiros que o pediran. Todo levaría un seguimento e un control desde a Oficina Agraria do Concello de Lalín.

### **9.3.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE SOLICITANDO A COMPARECENCIA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ACTIVIDADE E PRODUCCIÓN AGRARIA SOBRE O SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN AOS GANDEIROS.-**

A Presidencia deu conta desta moción de data 18 de xullo de 2008, con entrada municipal o día seguinte e nº de rexistro 4367. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame desfavorable da Comisión Informativa do Rural, e Actividade Agraria do día 28 de xullo de 2008.

Por acordo entre todos os asistentes, realizouse neste punto a comparecencia solicitada polo grupo socialista e pedida polo edil delegado.

Polo grupo socialista **D. Manuel Miguélez Montoto** explicou en primeiro lugar que tiña que pedir desculpas por acudir a esa reunión media hora máis tarde.

**D. Manuel Fernández López** precisou que “é que non fuches”.

Seguiu falando o edil socialista, **D. Manuel Miguélez Montoto** dicindo que a dita reunión “non puido ir por causa maior”.

Como grupo político, estaban de acordo con realizar o programa que se presentaba, porque era un servizo novo e representaba un alivio para algúns gandeiros. Pero discrepaban na forma en que se levou a cabo por parte municipal a súa tramitación e estimaban que era un servizo que debía ser prestado desde o persoal contratado directamente polo Concello e non por outras entidades, como Xuncoga, por exemplo. Preguntou o seguinte:

*¿Este servizo vai prestarse cos cartos de todos, é dicir do Concello e de Xuncoga e os beneficiarios van ser veciños de Lalín?*

**D. Manuel Fernández López** indicou que os beneficiarios e os que o pediran ían ser veciños de Lalín.

Seguiu preguntando **D. Manuel Miguélez Montoto**. Afirmou que se as explotacións de Silleda, que eran membros de Xuncoga, ían pagar tamén este programa, *¿porque non ían ser os beneficiarios de dito servizo?*

Como non era así, entendía que esta cooperativa formada por membros de varios Concellos e que aportaba unha parte dos cartos para este servizo, non debía ser a que prestara e a adxudicataria do servizo, senón que tiña que ser o propio Concello de Lalín quen o dera, contratando a ditos traballadores. Por isto porque só serían os veciños de Lalín os beneficiarios e había unha entidade no medio formada por membros de varios concellos, non consideraban lóxica a forma de prestación do servizo.

Preguntou:

*¿váiselle enviar unha carta ás explotacións de Lalín avisando e explicando os pormenores deste novo servizo?*

**D. Manuel Fernández López** indicou que si, e que se contaba con Pepe Iglesias para levar adiante ese servizo.

De novo **D. M. Miguélez Montoto** preguntou: *¿Hai algunha lista de solicitudes xa feita de posibles solicitantes?*

Respondou: **D. Manuel Fernández López** indicou que de momento non e que se estaba a empezar agora.

Formulou outra pregunta **D. Manuel Miguélez Montoto** preguntou: *¿hai algunha regulamentación interna que ordene un pouco a prestación deste servizo, as relacións coa xente afectada, os avisos de necesidade de servizo, de comezo, etc...?*

**Resposta: D. Manuel Fernández López** dixo que había na proposta unhas normas, que por exemplo con quince días debía facerse o aviso, das vacacións, salvo en casos de urxencia. Aludiu de novo ao tema.

**D. Manuel Miguélez Montoto** preguntou por Cobideza e pola subvención.

Entrou no debate a voceira nacionalista **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón**, que preguntou o seguinte a dito edil:

1.- *¿Cantos gandeiros se adheriron a este servizo ata o de agora?*

Respondou **D. Manuel Fernández López** indicando que de momento non había moitos; pero esperaba que pronto o pedirán máis.

2.- *¿Cantos traballadores hai xa contratados?*

Respondou **D. Manuel Fernández López** dicindo: *“de momento só un, se contamos co de Cobideza, aínda que non sabe exactamente o número e non o pode asegurar.*

3.- *¿Son suficientes?*

Respondou **D. Manuel Fernández López** coa frase: *non o sabe.*

4.- *¿Coida vostede que os traballadores poden mellorar a súa situación laboral e socioeconómica sen estar tutelados polo Concello?*

Respondeu **D. Manuel Fernández López** indicando que canto máis barato sexa o servizo, será mellor para os gandeiros.

5.- ¿Como explica que o Concello pague esta actuación?

Contestou **Manuel Fernández López** sinalando que ía no seu programa electoral a prestación deste servizo.

6.- ¿Parécelle ben que cos cartos dos veciños de Lalín se paguen as vacacións dos taxistas, e por exemplo as do persoal do comercio?

Respondeu **D. Manuel Fernández López**. “Eu son o concelleiro delegado do eido agrario e gandeiro” unicamente.

Manifestou entón a edil nacionalista: ¿Só se prestará este servizo aos gandeiros? . “Si a resposta é afirmativa, entón chapeau, para os gandeiros”, afirmou. Pero como non o vía razoable e lóxico que o Concello só se metera con este colectivo para prestarlles este servizo e non o dera a outros colectivos coma os do comercio ou aos taxistas, por exemplo, dixo con sorna que: “vou pedirlle á Xunta e ao Sergas que tamén faga algo así no meu eido, onde eu traballo, na sanidade, a ver si tamén mo da”.

De novo volveu formular preguntas **D. Manuel María González Aller** e formulou a seguinte:

¿Non tiña que haber algún tipo de normas que establezan os turnos, e unhas bases ou un regulamento deste servizo onde se orde e dirixa o mesmo?

Respondeu **D. Manuel Fernández López** indicando que o grupo socialista tamén en Rodeiro votou en contra do acordo municipal de cesión en uso dunha parte para a construción dunha nave dedicada á recría de novillas.

E con isto deuse por rematada a comparecencia solicitada polo propio propoñente D. Manuel Fernández López e a solicitada polo grupo socialista con outra moción.

#### **8.5.- MOCIÓN DO PP RELATIVA Á PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA IMPLANTACIÓN DUN NÚCLEO DE SOSTIBILIDADE EN LALÍN.**

A Presidencia deu conta desta moción de data 10 de xullo de 2008. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 28 de xullo de 2008.

No debate da mesma o voceiro popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que había unhas axudas xa solicitadas polo Concello, con acordo da Xunta de Goberno, e agora se quería ratificar o mesmo, posto que a Orde publicada contemplaba que foran acordos adoptados por unanimidade. Por isto viña ao Pleno.

Desde o grupo socialista **D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias** tras felicitar ao edil delegado pola memoria presentada, aínda que había algunhas “mentirijillas” no expediente, preguntou:

1.-¿En que fase de tramitación ou de execución está a Axenda 21 (local)?.

Respondeu **D. Román Rodríguez González** dicindo que agora se estaba co Eixo Atlántico e coa Carta de AALBORG 2004, e esperaba que se abordara o antes posible.

2.-¿Con qué técnicos conta o Concello para formar parte desta iniciativa?

Respondeu o edil popular, **D. Román Rodríguez González** indicando que había xa un o axente local de sustentabilidade e que o resto do persoal era o que había na Oficina Agraria, co técnico incluído. En suma dúas persoas: unha chica da Oficina Agraria e outra que había que contratar.

3.- Preguntou: ¿vai haber un seguimento deste programa?

Respondeu o edil delegado **D. Román Rodríguez González**. Si, con seguimento municipal da Oficina Agraria e co persoal que se contrate.

Desde a formación nacionalista, a súa voceira, **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** adiantou que votarían a favor da proposta, para conseguir a unanimidade requirida e como un exercicio de responsabilidade política. Esperaban que nas mocións do seu grupo o goberno municipal tamén as apoiase neste sentido e fora responsable. Pediu por último que houbera un seguimento destes programas e unha atención, tendo en conta que no mes de outubro comezarían os obradoiros.

Sometida a votación ordinaria aprobouse a moción por **UNANIMIDADE**, en base aos seguintes antecedentes:

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible deseñou un proxecto para desenvolver simultaneamente accións conducentes ao desenvolvemento sustentable en tódolos ámbitos, coa denominación de núcleos de sostibilidade. Para levar a cabo este proxecto desde o punto de vista práctico estanse a desenvolver sete experiencias piloto na materia en distintos concellos de Galicia.

O proxecto desenvólvese en dúas partes. Por unha banda, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible financia integramente a elaboración da Axenda 21 local en cada un dos núcleos de sustentabilidade a través dunha asistencia técnica e comprométese a organizar e financiar campañas de sensibilización e formación que contribúan á introdución de: a) a crear unha axencia local de sustentabilidade e dotala de persoal e equipamento material; b) a implantar un sistema de xestión ambiental no concello; c) a realizar actividades sensibilización e educación sobre o conxunto da poboación; d) a executar investimentos no Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible como o Concello.

Para elo a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible subvencionará os gastos que se realicen para levar a cabo as accións relacionadas no artigo 3º cun importe do 100% do custo dos gastos realizados, ata un máximo de 28.000 € por beneficiario para o ano 2008, de 85.000 € por beneficiario para o ano 2009 e de 90.000 € por beneficiario para o ano 2010.

Así mesmo, as axudas serán compatibles con outro tipo de subvencións e axudas doutras administracións públicas, entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, ou achegas de persoas físicas, sempre e cando a suma de todos os financiamentos non supere o custo da actividade.

Por elo, e para poder optar a estas axudas e proceder á implantación dun núcleo de sostibilidade no Concello de Lalín, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de adhesión ao proxecto de implantación dun núcleo de sostibilidade en Lalín e asumir os seguintes compromisos:

- a) Levar a boa fin a implantación dun núcleo de sostibilidade na entidade local contando coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
- b) Adhesión á Carte de AALBORG.
- c) Colaborar na elaboración da Axenda 21 local e da Axenda 21 escolar, así como de facilitar e promocionar no Concello a participación pública neste proceso.
- d) Crear e financiar unha axencia local de sustentabilidade e a súa dotación material.
- e) Dotar e financiar durante o período de vixencia desta orde, o persoal necesario para o funcionamento da axencia local de sustentabilidade, mediante oferta pública de emprego para proceder á selección dun titulado superior.

#### **8.6- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO RELATIVA Á PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SUSTENTABILIDADE.-**

A **Presidencia** deu conta desta moción de data 7 de xullo con entrada municipal do día 9 de xullo e nº de rexistro 4134. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Vivenda e Medio Ambiente do día 28 de xullo de 2008.

O debate xa tivo lugar conxuntamente coa moción anterior, que consta xa transcrito no dito punto da orde do día.

Tras someter a moción a votación, a man alzada **APROBOUSE** por **UNANIMIDADE** con base nos seguintes antecedentes:

A Rede Galega de concellos pola sustentabilidade é unha asociación voluntaria de concellos que pretende impulsar o desenvolvemento efectivo dos plans de sustentabilidade local (Axenda 21 local), cos seguintes obxectivos estratéxicos:

- a) Facilitar a capacitación técnica e metodolóxica dos concellos nos procesos de integración da sustentabilidade na xestión municipal a través de instrumentos como a Axenda 21 local.
- b) Dotar os concellos de recursos compartidos que faciliten e optimicen o desenvolvemento destes plans de sustentabilidade.
- c) Fomentar a comunicación, cooperación e intercambio de información entre concellos e entre as distintas administracións, e incidir na integración da sustentabilidade no desenvolvemento de políticas supramunicipais.
- d) Elaborar e desenvolver proxectos conxuntos que faciliten a introdución de criterios de sustentabilidade nos concellos.

- e) Potenciar a educación na cultura da sustentabilidade e promover a participación do conxunto da sociedade.
- f) Fomentar a cooperación con outras redes que promovan a sustentabilidade desde a escala local no ámbito estatal e internacional.

No ano 2006 púxose en marcha unha experiencia piloto denominada Núcleos de sustentabilidade en trece concellos galegos, para integrar accións susceptibles de ser promovidas ou apoiadas polas administracións municipal e autonómica cara ao deseño dun desenvolvemento local sustentable mediante instrumentos que ambas as dúas parte poidan desenvolver para a planificación da sustentabilidade (Axenda 21 local e escolar, avaliación estratéxica, instrumentos de sustentabilidade empresarial, de gobernanza municipal...). Estes instrumentos encamiñanse a elaborar un Plan integrado de sustentabilidade que sente as bases dun proxecto a longo prazo que sexa un referente para o resto das administracións locais.

Como consecuencia de todas estas actividades e coa vontade de acadar maior dinamismo e participación nos procesos de sustentabilidade, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible promove a creación dunha Rede galega de concellos pola sustentabilidade para impulsar a asociación e colaboración de todos aqueles concellos que opten polo camiño da sustentabilidade. A adhesión a esta rede permitiralles ás entidades locais intercambiar experiencias, información e formación que permitan desenvolver a implantación de plans de sustentabilidade local en Galicia.

Neste sentido, a creación da Rede galega de concellos pola sustentabilidade converteuse nun obxectivo prioritario da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, xa que é un instrumento necesario e imprescindible para consolidar os procesos da sustentabilidade local e poñer á disposición dos concellos todos os instrumentos necesarios que permitan que os cidadáns e os pobos aposten polo desenvolvemento sustentable como obxectivo de futuro.

Por este motivo o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**:

**Primeiro.-** Acordar a adhesión do Concello de Lalín á Rede galega de concellos pola sustentabilidade e a inscrición no seu rexistro, así como realizar unha declaración institucional do alcalde a todos os cidadáns onde se amose o compromiso municipal de implantación de políticas municipais encamiñadas a acadar a sustentabilidade no concello.

**Segundo.-** Organizar unha comisión técnica de seguimento no Concello integrada por todas as concellerías implicadas nos procesos de sustentabilidade (urbanismo, transporte, medio ambiente participación...)

**Terceiro.-** Designar un vogal e un suplente, elixidos polo Pleno, que actuarán como representantes do Concello de Lalín na Asemblea Xeral da rede de acordo coa Orde do 23 de maio de 2008.

#### **8.7.- MOCIÓN CON CARÁCTER DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO SOBRE A PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE LALÍN NO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR-22)-**

A **Presidencia** deu conta desta moción ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 28 de xullo de 2008; que leu o Sr. Secretario.

Rapidamente e con poucas verbas o edil delegado desta área, **D. Román Rodríguez González**, explicou de que se trataba. Para formar parte deste programa, había que adoptar un acordo municipal e remitilo antes do día 20-8-2008 data en que se celebraría a asemblea do grupo de traballo.

Desde o grupo socialista **D. Manuel Miguélez Montoto** explicou que apoiarían a iniciativa, se ben precisou que os precedentes deste programa non eran moi positivos; mencionou que el en concreto asistiu a algunha reunión celebrada que foi algo caótica. Esperaban que esta vez o plan que se elabore sexa destinado a sectores productivos, porque o anterior deixou bastante que desexar.

Desde o grupo nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** esperaba que houbera cambios importantes con esta iniciativa. Apoiaríana, pero advertiu que o seu grupo estaría alerta para evitar que haxa entidades “fantasma” que reciban subvencións. Rematou indicando que, esta designación dun substituto para este cargo, era unha mostra máis do “escaqueo” do edil delegado de desenvolvemento local dos seus cometidos, D. Román Rodríguez González, das súas funcións.

Tras someter a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, **APROBOUSE** por **UNANIMIDADE** con base nos seguintes antecedentes:

Participar no desenvolvemento do eixe 4 do Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia 2007-2013, incluíndose no GDR 22 que se está a constituír.

Participar neste Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR 22) implica a aportación dunha cota anual, aínda sen determinar.

Por este motivo, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar a participación do Concello de Lalín, no desenvolvemento do eixe 4 do Plan de Desenvolvemento Rexional de Galicia, 2007-2013, integrándose, para elo, no GDR que se constituía ao efecto.

**Segundo.-** Supeditar a cota anual do GDR 22 á existencia de crédito no orzamento municipal, unha vez estea determinado o importe pola Asemblea Xeral de dita Agrupación.

**Terceiro.-** Nomear a D. Román Rodríguez González representante do Concello de Lalín no GDR e a D. Nicolás Varela García suplente no mesmo.

## **9.- MOCIÓNS DO PSdG-PSOE**

### **9.2.- MOCIÓN DO PSdG-PSOE EN RELACIÓN COA POSICIÓN EN CONTRA DA AMPLIACIÓN DA XORNADA LABORAL MÁXIMA SEMANAL.-**

A **Presidencia** deu conta desta moción do día 21 de xullo de 2008, entrada municipal do día seguinte e nº de rexistro 4411. A continuación o Sr. Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 28 de xullo de 2008.

Na defensa desta moción, **D. Manuel María González Aller**, do grupo socialista, explicou que con esta iniciativa o seu grupo quería amosar a súa posición contraria á proposta de directiva europea e buscar apoios contra a mesma, porque establecía unha ampliación da xornada máxima semanal de sesenta e cinco horas, en concreto do BNG. Dixo que España era un estado do benestar e que eran moitos os anos de loita ata conseguir o que había hoxe. Por iso, as sesenta e cinco horas semanais eran moito, e impensables traballar máis das sete ou oito horas diarias na UE; este debate pertencía a épocas xa pretéritas. A modo de exemplo indicou como repercutiría esta xornada semanal no campo sanitario, mesmo pensando nun hospital e na atención aos pacientes. Entendía que o Goberno español debía formular alegacións contra este acordo da U.E. que vai directamente contra o estado de benestar e contra os dereitos conseguidos despois de moitos anos de loita para defender os dereitos das persoas que traballan.

Tamén desde o BNG, **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** amosouse a favor da iniciativa, por ser contraria ao aprobado no Parlamento Europeo. Para ela era un retroceso e un atentado respecto dos dereitos laborais o acordo adoptado nesta reunión de Luxemburgo. Non estaba clara a posición do grupo socialista, porque non votou en contra, e coidaba que goberno central tiña que aclararse, porque neste eido parecía amosar unha dobre moral. A maiores pediu que dimita o entón Ministro de Traballo (daquela D. *Jesús Caldera*) xa que abandonou a sesión cando se ía votar esta iniciativa.

Desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González** indicou que a posición do PSOE neste asunto era un contrasentido: “escapáronse cando se aprobaba a norma da sesión e agora presentaban unha iniciativa contraria á mesma. Parece que tiñan mala conciencia”.

O seu grupo entendía que realmente o que tiña que haber era traballo para todos, e evitar que cada día se destrúan dous mil postos de traballo e que estas persoas vaian ó paro. Rematou afirmando que esta situación de crise económica con destrución de emprego había anos que non se daba, e resaltou que sobre todo o importante era que houbera traballo.

Tras someter a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de manalzada, acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: quince (15) dos que cinco foron do PSdeG-PSOE e dez do P.P.

Votos en contra: ningún.

Abstencións: tres (3) do BNG.

En consecuencia, **APROBOUSE** a moción con base nos seguintes antecedentes:

Os Ministros de Traballo da Unión Europea veñen de aprobar ampliar ata as 65 horas á semana a xornada máxima laboral, rachando co marco consagrado pola OIT fai 91 anos.

A iniciativa de aumentar a xornada laboral máxima atopábase paralizada dende fai tres anos pola oposición de países como España, Francia e Italia, principalmente, que exercían a minoría do bloqueo.

Cos cambios políticos e de goberno operados nalgúns dos países membros, primeiro Italia e posteriormente Francia, abandonan este fronte de defensa do dereito social e súmanse, a esta iniciativa tan regresiva.

Coa nova directiva do tempo de traballo conságrase o oupt – out británico que veu permitindo a posibilidade de pactar entre o empresario e o traballador o tempo de traballo.

Pois ben, tal cláusula, xa aplicada en Gran Bretaña evidencia as consecuencias desastrosas do uso masivo da mesma, onde máis de cinco millóns de traballadores realizan máis de 48 horas semanais, todas as semanas do ano.

Coa proposta que pretende saír adiante, permitirase aos Estados membros modificar a súa lexislación e consagrar a posibilidade de ultimar acordos individuais entre traballadores e a empresa, sobre a duración da xornada máxima de traballo, ata un máximo de 60 horas semanais con carácter xeral, e de 65 horas nos casos especiais como o dos médicos, onde, de saír adiante a Directiva, permitirase que o tempo de período inactivo das gradas médicas non sexan consideradas como tempo de traballo, en contra do que, coa actual normativa, ten xa ditaminado o Tribunal de Xustiza da Unión Europea. Tempo que, ademais, ao computarse como promedio ao longo de tres meses, podería significar acada xornadas de ata 78 horas semanais. O deixar en mans do pacto individual entre o traballador e o empresario a posibilidade de aplicar a proxectada norma, para os Socialistas en xeral e para os socialistas galegos en particular, supón renunciar a toda a historia legal e de loita social colectiva, e actuaría fragmentando o mercado e creando no corazón de Europa un conxunto de prácticas laborais ata o de agora só vixentes máis alá do Atlántico e do Pacífico. En definitiva supón desandar os avances logrados nos últimos dous séculos de adianto social, é un retroceso sen precedentes ata o de agora; suporía abrir o camiño que só conduce ao “dumping social”.

Sen esaxeración, aceptar tal principio, é tanto como aceptar que as normas sociais son voluntarias (é dicir, que non son normas) e que a Europa Social é so un adorno retórico sen virtualidade no mercado único.

Pese a todo, o Goberno de España, segue a manter a súa frontal oposición á Directiva, que suporía, en palabras do propio Ministro de Traballo unha “auténtica regresión social”, para os Socialistas de Galicia é preciso sumar esforzos e voces en contra da mesma para evitar o retroceso que a mesma supón aos inicios do capitalismo máis salvaxe da revolución industrial, e é por ilo que se fai prezos poñer todos os nosos esforzos para evitar a súa final aprobación.

Por este motivo, o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**:

Primeiro.- Expresar a súa confianza no diálogo social e na negociación colectiva, recoñecida na Constitución, como medio para a adopción de acordos entre os axentes sociais no ámbito laboral.

Segundo.- Rexeitar a proposta da directiva da Unión Europea que pretende ampliar o tempo máximo de traballo semanal a 60 horas con carácter xeral e 65 horas en determinados sectores, pois supón socavar os cimentos do dereito laboral comunitario, expresando igualmente o seu apoio ao actual tempo de 48 horas, que ven rexendo as relacións laborais no noso contexto legal dende 1917.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para defender no seo da Unión Europea o posicionamento contrario a proposta dos Ministros de Traballo da Unión Europea sobre o incremento da xornada laboral máxima semanal.

Cuarto.- Instar á Xunta de Galicia para que demande do Goberno de España que emprenda as iniciativas oportunas no ámbito comunitario de cara a manter a actual semana laboral de 48 horas e a vixencia da negociación colectiva como vía para alcanzar acordos no ámbito laboral.

Quinto.- Instar ao Parlamento Europeo a tomar as medidas adecuadas en idéntico sentido de manter a actual semana laboral de 48 horas e a vixencia da negociación colectiva para lograr acordos laborais.

## **10.- MOCIÓNS DO BNG.**

### **10.1.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A DIRECTIVA DO TEMPO DE TRABALLO NA UNIÓN EUROPEA.-**

A **Presidencia** deu conta desta moción do día 1 de xullo de 2008 con entrada municipal do 2 de xullo de 2008 e nº de rexistro 3996. A continuación o Sr.Secretario leu o ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Emigración e Igualdade do día 28 de xullo de 2008.

Nesta rolda, **D<sup>a</sup>. Susana Rodríguez Cambón** en defensa da moción, sinalou que a mesma obedecía a esta idea de rexeitar superar as corenta horas semanais, porque viña a legalizar xornadas excesivas, abismais, que lembraban e acercaban esta medida a épocas de escravitude.

Coidaba que o rexeitamento tiña que ser desde todas as instancias posibles, e non só desde o Concello. Parece que con este acordo se presentaba unha imaxe de Europa como un lugar de traballo e riqueza nada máis; pero *¿onde quedou a Europa social e do benestar da que se falaba?*

Sucedía que neste eido Europa ía seguindo o modelo social-económico americano, que era un sistema antisocial. Tamén indicou que isto reflectíase no Tratado da Unión Europea, e agora diante desta medida, os que o rexeitaron actuaban con incoherencia, porque cando se someteu a referéndum popular o apoiaron, e sen embargo agora non. O seu grupo político dixo que non entón ao Tratado e agora hai están as consecuencias. Fixo referencia a que agora se trataba de sacar adiante o Tratado de Lisboa. Mencionou que en Irlanda (Eire) saíu o non no referéndum celebrado para ratificalo, sendo o Sein Feinn (partido político) quen se opuso ao mesmo. Non sabía realmente o que opinaba **D. J. L.Rodríguez Zapatero** sobre este tema. Por elo quería facer unha petición ao goberno central, que se someta a consulta popular para ver se os cidadáns queremos ou non esas sesenta horas de xornada máxima á semana.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** reiterou o xa dito no punto anterior: que el persoalmente estaba en contra deste acordo europeo de elevar a sesenta e cinco horas a xornada máxima semanal, tanto como membro dun partido como por convicción persoal de ser un militante socialista.

Finalmente desde o grupo popular, **D. Román Rodríguez González**, reiterou que apoiarían a moción, pero había que ter en conta que a idea e o desexo principal da xente era que tiña que haber traballo para todo, e logo xa viría todo o demais.

Tras someter a moción a votación **APROBOUSE** por **UNANIMIDADE** con base nos seguintes antecedentes:

O pasado 9 de xuño en Luxemburgo, os ministros e ministras de Traballo dos 27 Estados da Unión Europea aprobaron, por maioría cualificada, a proposta de modificación da Directiva Europea sobre Tempo de Traballo.

Entre as modificacións previstas está a de incrementar a xornada laboral semanal, superando as 48 horas actuais, que poderá chegar até as 60 semanais e , no caso dos traballos con gardas, ata as 65 horas. Estas xornadas poderán facerse en cálculo trimestral, co cal as horas semanais aínda poderán ser máis, xa que o único requisito para este incremento de xornada é un acordo individual entre a empresa e o traballador ou a traballadora.

Esta proposta do Consello de ministros e ministras de Traballo da UE chega logo de catro anos de debates e seis intentos frustrados, e racha con toda unha traxectoria, moi anterior á creación da UE, de redución das xornadas laborais.

Claro que tamén debemos destacar o apoio decidido do PSOE a esta modificación, co significativo abandono no transcurso da reunión onde se acordou do ministro español

de Traballo, e a abstención na votación da delegación do Goberno español, que resulta aínda máis grave.

A loita pola minoración da xornada é unha constante da historia do movemento obreiro. A finais do século XVIII e comezos do XIX, os traballadores e traballadoras facían xornadas de até 16 horas diarias, dando lugar ao “Movemento polas dez horas” que, logo de anos de protesta, consegue as dez horas laborais, aprobada polo Parlamento inglés en 1847, cumpríndose inicialmente só para homes menores de dezaioito anos e mulleres de calquera idade; posteriormente, en 1874, xeneralizouse a todos os traballadores e traballadoras o límite máximo de 10 horas ao día. E agora a xornada proposta polos ministros e ministras da UE vólvenos a aquela data do ano 1847.

A primeira regulación que abarcou unicamente á duración da xornada laboral foi na Conferencia Xeral da Organización Internacional do Traballo (OIT), hai 91 anos, na que se acordou unha xornada de 8 horas ao día e 48 horas á semana. E en 1983, aprobouse no Estado Español, que a xornada máxima sería de 40 horas semanais.

Para o BNG, esta proposta dos ministros e ministras de Traballo da UE, é o maior retroceso social dos últimos anos e vai no camiño contrario dos logros que, logo de moitos anos de loita sindical, dábanse por consolidados.

Cada vez máis a desregularización do mercado laboral, dende normativas ou sentenzas europeas, incide negativamente nas conquistas sociais dos traballadores e das traballadoras galegas.

Por este motivo o Pleno da Corporación Municipal **ACORDOU**

**Primeiro.-** Rexeitar a proposta de modificación da Directiva sobre Tempo de Traballo realizada, o pasado 9 de xuño, pola maioría cualificada de ministros e ministras de Traballo da Unión Europea.

**Segundo.-** Trasladar este acordo á Presidencia do Goberno do Estado, á Presidencia do Parlamento Europeo e a todos os Grupos Parlamentares que conforman a Cámara Europea.

**Terceiro.-** Instar á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno Central demandándolle que manteña en todas as reunións oficiais que se celebren sobre esta problemática unha posición claramente contraria a modificación desta Directiva.

## **10.2.- MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á PROPOSTA DE REDUCIÓN DE PRESIÓN IMPOSITIVA AOS VECIÑOS DE LALÍN.-**

A **Presidencia** deu conta desta moción do día 15 de xullo de 2008, entrada municipal o mesmo día e nº de rexistro 4294 ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 28 de xullo de 2008; que leu o Sr. Secretario.

Desde o grupo nacionalista **D. Fco. Xavier Vilariño Taboada** dixo que houbo un espectáculo bochornoso: o acordo alcanzado cos feirantes de Lalín e o edil delegado municipal neste tema. Sinalou que sucedeu durante a visita que fixeron á feira **D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral** e **D. Xosé Crespo Iglesias** acompañando ao lider popular **D. Alberto Núñez Feijoo**, nos que quixeron facerse unha foto cos vendedores ambulantes, porque para iso veu á feira e pasou isto.

Denotaba todo isto unha falta de transparencia e de información, porque se trataba de retrotraer a presión fiscal aos destinatarios desta taxa. Eles como grupo político pedían un trato igual para todo o mundo sobre todo para os veciños de Lalín, porque a meirande parte dos feirantes eran de fora de Lalín e coidaban que os veciños comerciantes de Lalín tiñan que recibir o mesmo trato que eles. Co acordo alcanzado, estaban discriminados.

Segundo el o grupo de goberno mentiu á cidadanía co tema do IBI. Deu datos de inmobles situados en catro rúas de Lalín, entre eles da rúa Calzada, da rúa B, e da rúa da Ponte, onde se vía que había un incremento ano tras ano importante no recibo a abonar. Sucedía que entón, cando se aprobaba a ordenanza fiscal, ano tras ano, se sostiña desde o grupo de goberno que non existía tal aumento, e sobre todo cando isto se defendía cando eles presentaban as súas propostas do IBI. Pero agora resultaba que se acordou reducir a taxa dos feirantes e elo con efectos retroactivos. Foi vergonzoso este tema, e indicou que “algún ía quedar co cu ao aire”.

Finalmente afirmou que a presión fiscal e suba deste ano aprobada polo grupo de goberno non foi acompañada dunha suba similar dos salarios nin da capacidade económica dos veciños para a afrontala.

Desde o grupo socialista **D. Francisco Pérez Donsión** adiantou que votarían a favor da moción. O Concello estaba implicado nos temas do parking da Praza de Europa, da Casa do Concello e da obra do Lalín Arena e o financiamento destas obras supuña destinar uns cartos importantes a estes fins. Neste contexto se entendía o aumento da presión recadatoria municipal.

Doutra banda había que lembrar outros problemas de financiamento, citando as expropiacións urbanísticas acometidas para adquirir solo municipal que custaron moitos cartos. A maiores lembrou que no Agro de Lalín de Arriba había un grupo de veciños que estaban non quería pagar as cotas asignadas por varios motivos. Algúns non tiñan diñeiro para pagar o que lle reclamaba o Concello, tampouco tiñan capacidade para conseguir un préstamo e finalmente non era tempo idóneo para vender as propiedades. Esta cuestión de Lalín de Arriba estaba era importante e o problema sen resolver estaba aí.

Tamén cuestionou a oportunidade de acometer neste intre económico o desenvolvemento do SUE-3 cos problemas actuais. Destacou que o seu grupo, se ben non estaba a prol de facer unha revisión xeral, si coidaba que podía realizarse una revisión dos valores catastrais nalgúns zonas puntuais e rúas de Lalín onde os valores estarían excesivamente elevados.

Desde o grupo de goberno **D. Román Rodríguez González** indicou que as decisións que se tomen neste eido serán decisións políticas do goberno municipal. En principio o acordo asinado por un edil do goberno non era firme, e non era un acordo; para surtir efectos legais debían modificarse as ordenanzas municipais. En todo caso estudaríase a mesma. Esta taxa era un recibo máis.

Sobre as verbas da oposición, afirmou que tiña agora o mesmo discurso de oposición que o tivo no ano dous mil cinco e cando se aprobaban as modificacións das ordenanzas fiscais.

Dirixíndose ao voceiro socialista que falou anteriormente, díxolle que ata agora a Praza de Europa non custou nada ao Concello, pero podería custar cartos máis adiante. En canto ao tema de Lalín de Arriba salientou que os donos non venden, pero gustaríalle vender os solares a bo prezo. Entendíano, porque o diñeiro lle fai falta a todos.

En suma había demagogia barata pola oposición. Por último dixo que esperaba que o desenvolvemento do SUE-3 cos trámites normais levaría catro ou cinco anos; esperara que entón a situación económica cambiara para mellor; e si non, “sería un mal asunto para todos”. Os valores patrimoniais ningún imposto, os valores da

Consellería de Economía e facenda triplica e cuádruplica os valores catastrais, e non eran cuestionados pola oposición.

*Neste intre incorporouse D. Xosé Crespo Iglesias e pasou a ocupar a presidencia, quedando con once o PP, cinco o PSdeG-PSOE e tres o BNG.*

Desde a formación nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que o voceiro popular falou de todos menos do que tiña que falar: do acordo alcanzado cos vendedores ambulantes. O tema era un asunto en concreto e amosou un escrito asinado por un edil que denotaba unha decisión política. E agora había que concretar e dixo que “temía que alguén quedara co cu ó aire”. Sobre o tema dos valores catastrais, manifestou que todos os valores urbanos subiron. E citou de novo os catro recibos de inmobles de catro rúas de Lalín para respaldalo, pedindo mesmo que se comprobase cando se quixese polos responsables municipais. Indicou que o discurso do voceiro popular parecía o dunha república bananeira. O tema era un atraco dos funcionarios que elaboraron as ponencias, porque os valores catastrais eran altos. Se non fora así, *¿porque se aplicaba entón unha bonificación?*

Contestou **D. Román Rodríguez González** no sentido de que se aplicaba só no solo de núcleo rural, porque o catastro o consideraba como solo urbano, algo que non era así, porque esta clase de solo non podía entenderse como tal, e afirmando que era a unha comunidade autónoma con esta clase de solo.

Esta afirmación corroborouse por **D. Xosé Crespo Iglesias** no sentido de que se daba só en Galicia, e indicou que esperaba que dentro de pouco tempo estivera transferido o catastro ás autonomías, con tráfico, a garda civil e todo o transferible.

*Na moción pedíase:*

**PRIMEIRO.-** *Téndose modificado no ano 2003 a ponencia de valores para a aplicación do tipo impositivo do Imposto de Bens e Inmobles, e só existindo na aplicación do seu tipo impositivo un claro afán recadatorio por parte do PP (nos últimos 5 anos o recibo subiu unha media de máis do 50%), propoñemos que o artigo 2º, apartado a), no canto de aplicar o tipo de gravame aos bens de natureza urbana no 0,46% se aplique a estes bens inmobles o tipo impositivo do 0,40%, mantendo os mesmos os apartados b) e c).*

*Entendemos necesario reducir o valor da ponencia nas rúas que existe unha devaluación manifesta dos bens inmobles a causa das actividades que se desenvolven nelas.*

*Asemade o BNG propón unha bonificación do 2,5% da cuota a favor dos suxeitos pasivos que domicilien as súas débedas de vencemento periódico nunha entidade financeira (art.9 do R.D. LEX 2/2004 de 5 de marzo).*

**SEGUNDO.-** *No que atinxe ao I.V.T.M. propoñemos manter o coeficiente que se aplica ás tarifas previstas pola Lei, é dicir seguir co 1,1 no canto da aplicación do 1,26 proposto polo Goberno, xa que este aumento de coeficiente suporá incrementar nunha media de preto do 15%.*

*Para os vehículos eléctricos, de biodiésel ou movidos por hidróxeno, durante os cinco anos naturais contados desde a data de primeira matriculación do vehículo bonificaranse co 75%.*

**TERCEIRO.-** *No Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras propoñemos que o tipo de gravame fiquese o 2,7%, así como a aprobación dunha bonificación do 50% para construír vivendas VPO. Asemade unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións e obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.*

**CUARTO.-** *No referente ás Ordenanzas Fiscais das taxas por Servizos de Distribución de Auga e por Sumidoiros, o BNG considera que ante a falla dos respectivos informes técnicos e económicos sobre o custo de ambos servizos e a avaliación do rendemento, non vemos xustificable que se lle aplique a suba proposta polo contrato asinado á empresa Espina Delfín.*

**QUINTO.-** *A suba proposta na Taxa do Lixo por parte do PP do 10%, estimámola abusiva e inxusta por canto fai catro anos subiuse dita taxa un promedio dun 33% e ao mesmo tempo, non se pode xustificar tampouco en base a unha mellora inexistente do servizo. Só sería xustificable o incremento do IPC para o vindeiro ano se fora acompañado de políticas medioambientais reais para mellorar a recollida selectiva, coa separación en orixe aplicando medidas baseadas nas tres “R” (redución, reciclaxe e reutilización). Isto é fundamental, xa que a SOGAMA págase por tonelaxe, polo tanto, compre reducir para que así o coste do servizo se aminore e por extensión o seu déficit.*

**SEXTO.-** *Na Ordenanza de Entrada de Vehículos propoñemos modificacións nas tarifacións no senso de poñer máis tramos, atendendo a unha maior progresividade do sistema impositivo e simplificala nunha soa categoría de rúas.*

**SÉTIMO.-** *Na Ordenanza de Ocupación de Terreos de Uso Público Municipal (valados), propoñemos a suba do IPC, suprimindo as categorías existentes.*

**OITAVO.-** *Na Ordenanza referente á Expedición de Documentos propoñemos a conxelación da mesma, xa que as actuais tarifas entendemos que cubren abondo o servizo prestado.*

Tras someter a moción a votación ordinaria, mediante o sistema de manalzada, acadouse o seguinte resultado:

*Votos a favor:* oito (8) dos que cinco (5) foron do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

*Votos en contra:* once (11) do PP

*Abstencións:* ningunha

En consecuencia, **REXEITOUSE** a moción.

### **10.3. MOCIÓN DO BNG SOBRE A PRESTACIÓN GRATUÍTA DO SERVIZO DE ESPAZO INFANTIL ABERTO**

A **Presidencia** deu conta desta moción do día 15 de xullo de 2008, entrada municipal no mesmo día e nº de rexistro 4292 ditaminada desfavorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Patrimonio do día 28 de xullo de 2008; que leu o Sr. Secretario.

Na defensa da moción **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** polo grupo nacionalista propoñente da moción indicou que este asunto, de implantar un servizo con prezo público era un feito grave. Eles como grupo recorreron tras aprobar o prezo polo uso deste servizo na Xunta de Goberno. Era grave este feito porque os entes públicos non son empresas privadas e non deben buscar a obtención de beneficio, senón que deben prestar servizos aos cidadáns.

Afirmou que se dixo na sesión da comisión informativa que se cobraba porque este ano non había subvención. E o responsable de empeorar o servizo era o grupo de goberno e a edil delegada. Había unha dobre moral neste tema ao aplicar a renda como sistema de medida fiable para nalgúns casos conta, amaño descarado, para determinar a capacidade económica e ter carácter benéfico nuns casos e noutros non.

Desde o grupo socialista **Dª. Marta Lazara Fontao** dixo estar de acordo co BNG, e lembrou que eles como grupo político se abstiveron no acordo de aprobación do prezo porque faltaba información e documentación para posicionarse con seguridade e non lles parecían fiables os datos aportados e lembrou algúns aspectos referidos a cando o seu grupo presentou a súa moción de apertura de centros fora de horario lectivos.

Como grupo, estaban sorprendidos porque o grupo de goberno botou a culpa deste tema da implantación do prezo público, á falta de subvención da Consellería de Traballo. Estaban a favor de que fora gratuíto o servizo, e de non que se pagara o prezo; non vían claro que se creara o servizo para isto, para ter que abonalo os usuarios. Por elo salientou que por elo non era culpable a oposición da implantación desta taxa. Finalmente pediu que se actualizara a páxina web do Concello.

Desde o grupo de goberno, edil delegada deste eido, **Dª. Paz Pérez Asorey** indicou dunha banda que o artigo 17 dor regulamento deste servizo lle permitía ás familias con menos recursos ou sen eles, obter axudas de emerxencia social. Doutra banda sinalou que o baremo que se utilizaba para medir a renda social era o recollido na lei 2004/ 20 de decembro que era o que aplicaba a Xunta de Galicia. En total agora dixo que había neste progrma unhas vintecinco familias da que sete tiñan exención de pago (catro en parte e tres ao cento por cento).

As tarifas non se aplicaban directamente, senón tendo en conta a situación familiar. Lalín é o primeiro Concello que o aplicaba e tiña por elo un carácter experimental. Antes non tiñan. Lembrou o que o ano pasado a Consellería de Traballo abonaba o gasto de persoal, e por isto agora era a primeira vez que funcionaba sen axudas. Antes, cando era gratuito, houbo un escrito dos usuarios indicando que estaban de acordo co servizo. Había pois un sistema de copago na prestación das servizo. Deu as

grazas á Vicepresidencia polo trato recibido e pola subvención de axuda a domicilio que se recibía. Lembrou que tamén coa Vicepresidencia prestábanse mediante o sistema de copago o sistema de teleasistencia.

O sistema de copago polo tanto estaba aí, en vigor en varios servizos e aplicándose de acordo coa Xunta de Galicia, coa Vicepresidencia de Benestar e Igualdade. Este Concello era o que primeiro o aplicaba neste servizo. En canto ao criterio de ter en conta a renda familiar aportada, e ver si era o u non era fiable, afirmou que había que coñecer a situación real, vela e estudala.

Dirixíndose á voceira socialista díxolle que a páxina web do Concello normalmente estaba actualizada, pero que agora estaba de vacacións o funcionario encargado, “Carlos Vence”, e esperaba que cando se reincorpore ao seu posto o vindeiro luns, actualizárase a mesma.

Por último salientou que para liquidar esta taxa, pasarase a relación á intervención como cada mes para practicar a liquidación.

De novo no uso da palabra o nacionalista **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** agradeceu o voto do grupo socialista apoiando a moción, pero indicou que na sesión da comisión informativa non votaron a favor do recurso da formación nacionalista que pedía a anulación do prezos públicos polo uso do espazo infantil aberto.

O servizo antes foi gratuíto e non o criticaron. Pero na comisión informativa deuse como desculpa de aprobar agora estes prezos que faltaba a subvención da Consellería de Traballo. Eles tiñan unha concepción distinta das prestacións dos servizos aos usuarios. E nunca veu un escrito dos usuarios agradecendo o servizo, parecíalle raro isto.

En canto á renda que se pedía indicou que hai familias con necesidades que están fora do servizo e algunha familia con menos necesidades está admitida. Non estaba de acordo con este criterio, sendo un tema xa debatido noutras ocasións. Non era fiable porque podía suceder que unha persoa presente a liquidación do IRPF, logo faga a solicitude no espazo infantil aberto e finalmente presente unha liquidación complementaria do IRPF, como un exemplo do que pode suceder con este sistema.

Tamén **D<sup>a</sup>. Marta Lazara Fontao** preguntou: ¿baixou o número de solicitudes ou segue igual?

Respondeu **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey** dicindo que había vintecinco alumnos cos últimos datos, e dous nenos máis estaban en lista de espera.

Finalmente **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que: “o sistema de “copago puxémolo en marcha nosoutros, neste Concello e con carácter experimental”. Era certo que antes houbo a cobertura da subvención para os gastos de persoal da Consellería de Traballo, pero agora non”.

Rematou afirmando que, agradecía este traballo ben feito pola súa concelleira; que seguramente este servizo prestaríase mellor pola empresa privada; e que por último mellor sería dar o servizo gratis. Podía suceder ese caso de “picaresca” nos datos aportados para ter dereito a este servizo que dixo o voceiro nacionalista, pero os medios municipais que había eran eses, e non outros, e había que utilizalos.

Finalmente **D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey** dixo que estaban estudando facer melloras no actual sistema local.

*Na moción pedíase que se proceda á anulación do acordo da Xunta de Goberno Local do día 19 de xuño de 2008, no que atinxe á aprobación do prezo público pola prestación do servizo do Espazo Infantil, e en consecuencia tomar un novo acordo para anular a tarifa de prezos públicos e prestalo de xeito gratuíto.*

Tras someter a moción a votación ordinaria mediante o sistema de man alzada, acadouse o seguinte resultado:

Votos a favor: oito (8) dos que cinco (5) foron do PSdG-PSOE e tres (3) do BNG.

Votos en contra: once (11) do PP.

Abstencións: ningunha

En consecuencia, **REXEITOUSE** a moción.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS**

### **11.1.- PSdG-PSOE**

Por escrito:

#### **D. Manuel Miquélez Montoto.-**

##### ROGO.-

Que se proceda de inmediato ao arranxo da pista que vai de Vilasancho a Sello, e das pistas de horta, Balado e Curbillón, dado que na actualidade atópanse nun estado lamentable, facéndose practicamente intransitables.

*O Sr. Presidente quedou enterado.*

##### PREGUNTAS

En relación ás demandas veciñais da parroquia de Cello, trasladadas ao Pleno da corporación polo Grupo Municipal Socialista en xullo de 2007 e polas que de novo nos interesamos:

1.-¿Por qué non se colocaron os tubos para o saneamento da parroquia do Cello, aproveitando a instalación da acometida de auga que se realizou o ano pasado, como demandaba a veciñanza?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

2.-¿Ten previsto o Concello o arranxo da conexión da estrada do Rodo coa pista do Cello, na "Ponte Suagro"? ¿Cando? Este acceso, no seu entronque, consta de dous ramais, un deles, actualmente impracticable, e necesario (por seguridade viaria) para acceder á estrada do Rodo dirección Cercio.

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

1. Hai un ano o Goberno Local á demanda prantexada pola veciñanza da parroquia de Cello na que se pedía o arranxo da capa de rodadura do Camiño Real do Monte de Abonxo, que da servizo a moitas fincas do entorno, contestaba que con este dato non identificaban o lugar.

a)¿Alguén do Grupo de Goberno preocupouse de preguntarlle aos veciños de que camiño se trataba?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

- a) Si a resposta é afirmativa, ¿cando está previsto o arranxo da capa de rodadura do dito camiño?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

Hai un ano estaban estudando a posibilidade de colocar un espello no camiño da cima de Rielo, no seu entronque co camiño do Cello. ¿A qué conclusión chegaron?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

2. E no que se refire ao lugar de Cornado

¿Está previsto levar a cabo a instalación da acometida de auga no lugar de Cornado?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

Se a resposta é negativa ¿Por qué non?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

- a) Hai un ano contestaban vostedes que non tiñan demanda da veciñanza. ¿Quere dicir iso que lle demandaron a acometida da auga tódolos veciños da parroquia excepto os do lugar de Cornado?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

3. ¿Conseguiron as firmas dos propietarios que lles faltaban hai un ano, para poder terminar de abrir o camiño que vai dende o lugar de Cornado (Cello) ata Rielo (Palmou)? Este camiño foi aberto no lugar de Cornado e faltan menos de 100 m. Para conectalo co lugar de Rielo. Si a resposta é afirmativa ¿Cando se vai levar a cabo a apertura do dito camiño?

*O Sr. Presidente dixo que respondería por escrito.*

## **PREGUNTAS FORMULADAS ORALMENTE**

### **D. Manuel María González Aller:**

1.- **PREGUNTA.-** ¿Se contestan ás denuncias que se presentan por rúidos en locais?

*O Sr. Alcalde, D. Xosé Crespo Iglesias indica que iso dependía do departamento de medio ambiente, e había un funcionario que as tramitaba, D. Jorge García Fernández. Sinalou tamén que as veces hai unha colisión entre o dereito a explotar un negocio e a vivir del e o dereito dos veciños a súa intimidade e polo tanto a non soportaren máis rúidos dos permitidos legalmente. Coida que non hai impedimento en que se lle faciliten os datos que pide, sempre respectando a normativa de protección de datos.*

### **D<sup>a</sup>. Marta Lázara Fontao:**

1.- **PREGUNTA.-** ¿Ten pensado o Concello acollerse ou formar parte do programa AERTA de recollida de aceite usado procedente de uso doméstico?

Responde **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que se fará o que coiden oportuno desde o grupo de goberno. Engade que a Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto levar a cabo un plan integral e que será realidade dentro dun ano, creando unha empresa provincial para dar estes servizos, entre estes, incluírase o de recollida de lixo, e vai todo dentro do medio ambiente, o lixo e tamén o aceite procedente do uso doméstico.

2.- PREGUNTA.- ¿Que pasou cos mil euros previstos pola concelleira de Cultura con destino a construír unha capela, en Perú? ¿acabouse o millo que había no hórreo?

Tamén responde **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que non estaba presente titular deste eido, D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Carral, para responder. De todos os xeitos, sinalou que non era unha capela o que se ía construír, senón un centro social en Perú. Engadiu que faltou nesta iniciativa a colaboración da xente, aínda que se abriu a conta; por último dixo que a raíz da visita dun funcionario municipal a dito país e ao lugar, o Perú, a maior parte da xente que apadrinaba nenos nese lugar abandonou estas iniciativas.

3.- ROGO.- Que se veña a actualizar a páxina web do Concello de Lalín?

Responde tamén **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que neste mes o funcionario encargado D. Carlos Rodríguez Vence estaba de vacacións, e cando regrese realizará estes traballos.

4.- ROGO.- Que no se fagan alusións a persoas polas súas crenzas ou opinións que afecten a dereitos recollidos na Constitución Española que supoñen unha forma de discriminacións a ditos edís.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indica que estamos nun país libre e democrático e hai liberdade de opinión.

**D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias:**

1.- PREGUNTA.-¿Se suspenderon ou non os circuitos culturais no rural?. En caso de ser afirmativa resposta, ¿cales foron os motivos?

Responde **D. Xosé Crespo Iglesias** indicando que non o sabe, e non pode responder. Buscarase e darase conta.

E non habendo outros asunto que trataren, sendo as catorce horas

e trinta e seis minutos do día ó comezo sinalado, e no mesmo lugar onde comezou a sesión, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo isto dou fe pola miña condición de Secretario e fedatario público.

Vº e Prace